

## NOTAS SOBRE UNHA ESTIRPE OURENSÁ: OS CONDES DE TRONCOSO

*Olga Gallego Domínguez*

### INTRODUCCIÓN

É sobradamente coñecido o feito de que a nobreza galega titulada tendeu a vivir fora da súa terra nun proceso que arrinca do século XVI. A alta nobreza desaparecera practicamente da nosa terra neste século sendo substituída por outros linaxes non galegos: As casas de Lemos, Sarmiento, Monterrei, Andrade, etc. son un exemplo moi visible.

Sen embargo, en Galicia perduraba a nobreza de segunda categoría no estamento nobiliar, unha nobreza e fidalguía provincial e nunha boa parte ruralizada. O papel desta fidalguía foi estudado por Eiras Roel, que a nomea “hidalguía intermediaria”<sup>1</sup>, por B. Barreiro, que a chama “hidalguía aburguesada”, M. M. Pérez, que a denomina “burguesía ahidalgada”, García Lombardero fala de “señores medianeros” e R. Villares, que estudiou o orixe das casas fidalgas, as vías de ascenso e a importancia dos seus dominios, chámalle, simplemente, “hidalguía”.

Todos estes escritores coinciden en recoñecer a relevancia deste grupo social, o máis destacado do Antigo Réxime de Galicia, con unha posición económica gañada coa apropiación de unha boa parte do excedente agrario.

Nace esta fidalguía no Antigo Réxime e mantense durante, polo menos, tres séculos, prolongando a súa existencia ó longo do século XIX e comezo do XX nunha situación agónica e mentras persistiron as bases do seu sistema económico.

---

1. EIRAS ROEL, Antonio, en Prólogo a Quintáns Vázquez, M. C. *El dominio de San Martín Pinario ante la desamortización*. Santiago. 1972, p. 11-16.

No século XVIII os Borbóns crean unha nova nobreza. Baixo Carlos III danse varias etapas na concesión de títulos. A primeira corresponde ó comezo do seu reinado, antes da Paz de París, que puxo fin á guerra de España e Francia contra Inglaterra, en 1763. Este rei comezou a recompensar con títulos nobiliarios a galegos que se destacaran polos servicios prestados á Coroa, incluso antes de ser rei de España, como no caso do Marquesado de Leis. Coroado rei de España, no ano 1762, honrou a D. Pedro Martínez Feijóo, Oidor da Audiencia de Valladolid, co título de Conde de Troncoso. Descoñecemos outros méritos seus, a non ser os civiles na burocracia e como conselleiro real no Consello de Castela.

Este persoaxe ven a ser o prototipo do fidalgo galego elevado á nobreza por seus méritos ó servicio da Coroa en distintos postos da administración e pola súa capacidade económica. Como outros nobres da época ilustrada, considera os seus privilexios como unha función social e participa no control dos postos da alta burocracia e dos medios culturais.

El implícase con outros políticos galegos (Miguel Ichazo Cid Feijóo, D. José Ignacio Noguerol y Argiz e D. José de Zúñiga y Losada, Marqués de Bosqueflorado) nas xestións ante o Consello de Castilla no problema da renovación dos foros e tivo unha actuación decidida na xestión da R. Provisión de suspensión de desposos de 11-V-1763, que tanta importancia tiña para os levadores de foros e subforos, e para o Martínez Feijóo en especial, que ergueu un importante patrimonio, sustentado, principalmente, en foros.

Casado catro veces con mulleres da fidalguía galega, nunca esqueceu as súas raigañas rurais ata o punto de que despois de crear un considerable patrimonio na súa terra natal e de recorrer unha boa parte do reino de Castela, dende Asturias a Andalucía e Canarias, en cargos da burocracia, veu a morrer o seu Troncoso natal, cuio topónimo adoptou para o título que ostentou.

Hoxe traemos aquí este linaxe, tan ligado á provincia de Ourense.

As *fontes* que utilizamos son fragmentarias e dispersas. Do arquivo da Casa, consérvanse tres libros no AHPOR (Casas particulares, Libro 46: R. Carta ejecutoria contra los testamentarios de D. Francisco Rodríguez Gil, sobre nulidad de escritura de foro en la casa de la calle de Penavixía de Orense, de mayorazgo del Conde de Troncoso. 1817.

Libro 47. Libro de caja de D. Pedro Manuel Martínez Feijóo, del Consejo de S. M. y Alcalde del Crimen de la R. Chancillería de Valladolid. s. f.

Libro 48. Registro de escrituras diversas pertenecientes al archivo de D. Pedro Martínez Feijóo, Conde de Troncoso y Marqués de Bosqueflorado. s. f.)

Protocolos notariais e outros documentos utilizados irán citados en nota. Destaca entre eles o Inventario xudicial feito á morte do terceiro Conde, no ano 1829, que describe a documentación do seu arquivo, hoxe en paradoiro descoñecido.

A bibliografía é moi escasa, como veremos ó longo do traballo.

### 1. D. PEDRO MARTÍNEZ FEIJÓO Y ARAÚJO OU RODRÍGUEZ, PRIMEIRO CONDE DE TRONCOSO

Naceu en 1694 en Troncoso, fregresía de Sta. María de Astariz, provincia de Ourense. Os seus pais foron D. Miguel Martínez y Rodríguez, xuíz do couto de Troncoso, e María Feijóo Araújo, que tiveron a Micaela, Magdalena, Fr. Benito, mercedario, e Pedro Andrés Martínez Feijóo.

Os abós maternos, Jacinto Feijóo y Araújo e Francisca Martínez Sousa y Araújo, tiveron, ademáis de María, a Juan, Blas, Vicente, Francisco Antonio e Ana Feijóo de Araújo.

Tanto pola súa familia paterna como materna pertencía a fidalguía do Ribeiro.

En 1705, o seu tío D. Vicente Feijóo Araújo pretende o recoñecemento da súa fidalguía<sup>2</sup>, e, en 1712 solicitaraa o seu irmán D. Blas<sup>3</sup>.

Vicente, natural e veciño de S. Salvador de Vide, foi escribano de Troncoso e das xurisdiccións do Cabido da Catedral de Ourense (Feá, Puga, Sabucedo, Vide e Astariz) e casou con María de Názara (viuva de Gonzalo Fernández, familiar do Santo Oficio, do que tivo 4 fillos) da que non houbo sucesión.

Tiña un grande afecto pola súa irmá María, pois no seu testamento de 9 de decembro de 1715<sup>4</sup> dinos que lle dera estado con Miguel Martínez, vº de Troncoso, de cuio matrimonio tiveron a Pedro Martínez Feijóo, que “sigue la facultad de leyes en la pasantía de la Coruña” y por razón de las legítimas y obra pía de la Cuqueira la dotó con 350 ducados, segundo escritura de 1696, e “por el cariño que le tiene a Pedro y faltarle para ello tres años para acabar dicha pasantía, le deja 1.500 reales para ayuda de los gastos de la pasantía”.

---

2. AHPOR. Protocolo de Andrés González. 1705, f. 2.

3. AHPOR. Protocolo de Andrés González. 1712, f. 1.

4. AHPOR. Protocolo de Andres González. 1715, f. 61.

Ó mesmo tempo funda vínculo e morgado a favor de seu irmán Blas e seus fillos, e no seu defecto, a favor de Pedro Martínez Feijóo, seu sobriño, fillo de María, que finalmente o herdaría<sup>5</sup>.

Entre os bens do vínculo figuran as súas casas principais do lugar de Barral(couto de Vide), con un escudo na fachada, que daba ó camiño real que baixa do lugar de Figueiredo, a adega, menaxe de casa, a viña e horta coa fonte de pedra labrada, contigua as casas principais, que serán unhas 40 cavaduras, a cal divídise dende ditas casas principais polo camiño real e concellil que vai a fonte do Pereiro, os soutos contiguos á viña con unha cerca nova de 12 cuartas de alto, e numerosas rendas que se especifican.

Manda facer unha capela decente na calle pública inmediata a súa casa, advocación de S. José.

Na súa capela de Troncoso o bisabó de D. Pedro, o capitán D. Marcos Martínez, fundara unha misa.

Ó ano de nacer D. Pedro, morre a súa nai(5-XII-1695) que testa ante o escribano Vicente Feijóo, segundo consta no libro de difuntos de Astariz<sup>6</sup>. O seu pai foi enterrado na mesma igrexa e a sepultura foi dotada polo seu fillo anos máis tarde, o 23-XII-1737, con dúas olas de viño branco ó ano<sup>7</sup>.

En 1711, xa morrera o seu pai e Pedro queda en non moi boa situación. Atopábase estudiando na Universidade de Santiago e xunto cos seus cuñados chega a un acordo coa segunda muller do seu pai, Mariana de Nóboa, deixándolle diversos bens mentras vivise. Os cuñados, Pedro e Isidro de Hermida, bótanlle unha man, dado que xa tiña pasados algúns cursos seguindo a carreira de leis e precisaba asistir na universidade e na pasantía da Coruña durante sete anos e coa súa lexítima mal podía sustentarse. Comprométense a darlle un deles 3 moios de viño branco cada ano e o outro, a labrar os bens raíces da súa lexítima durante os sete anos<sup>8</sup>.

No ano 1715, como xa vimos, estudiaba leis nunha Pasantía da Coruña e faltábanlle tres anos para rematala e o seu tío, o escribano D. Vicente Feijóo de Araújo, lémbrese del no seu testamento.

No ano 1729 xa era Procurador da R. Audiencia de Canarias, pois D. Andrés de Silva, vº de Santiago, confírelle poder para solicitar da R. Junta

---

5. AHPOR. Protocolo de Andrés González. 1715, f. 61.

6. APA, f. 138 v.

7. AHPOR. Protocolo de Diego Rodríguez de Nóboa. 1737.

8. AHPOR. Protocolo de Andrés González. 1711, f. 15.

de Comercio a creación dunha fábrica de papel en Arnois cos privilexios inherentes<sup>9</sup>.

Ó longo da súa vida desenvolveu diversos cargos na administración: Oídor da Audiencia de Oviedo, da Chancillería de Valladolid, en 1741, Alcalde de Casa y Corte, Ministro togado do Consejo de Hacienda antes do 5-IV-1755<sup>10</sup> e Maxistrado do Consejo de Castilla xa en 1760, donde tivo estreita relación con Campomanes (1723-1803), que era pon entón Fiscal do mesmo Consejo.

Gozou de grande prestixio e tivo un grande protagonismo na cuestión foral<sup>11</sup>, feito explicable porque o seu patrimonio, moi cuantioso, formárase a base de foros da igrexa que el subaforaba.

Segundo Ramón y Fernández Oxea<sup>12</sup>, D. Pedro gozou fama de erudito e así parece deducirse da biblioteca que deixou e que foi inventariada a súa morte en Troncoso, formada por libros de dereito e devocionais, que marcan as súas dúas grandes aficións.

### 1.1. MATRIMONIOS

Contraxo catro matrimonios. O primeiro con *D<sup>a</sup> Feliciana López Ruiz*, filla de D. Antonio Martínez e de *D<sup>a</sup> María Antonia Ruiz*, veciños de Madrid, no ano 1729, ano en que fai partillas cos seus irmáns, D. José e D. Felipe López, do capital dos seus pais.

Deste matrimonio nace o primoxénito, D. Pedro Manuel, e D. Vicente Antonio, que debeu morrer pronto.

Falece *D<sup>a</sup> Feliciana* no ano 1732, despois de darlle poder ó seu marido para fundar un vínculo a favor de Pedro con gravamen dunha misa cantada o día do Carme e outra rezada o día de Sta. Teresa, sinalando para a mello-

---

9. REY CASTELAO, Ofelia. *Aproximación a la historia rural de la comarca de la Ulla*. Santiago. 1981, p. 132.

10. No 5-IV-1755 foi nomeado para a vacante do Ministro togado do Consejo de Hacienda, deixado polo Conde, Francisco Carrasco, Marqués de la Corona (1715-1791) (AHN. Consejos. Libro I 170). O Marquesado foille concedido no 28-VI-1769 "en atención al celo y actividad con que me servís" y "al acierto con que habéis desempeñado varias e importantes comisiones de mi servicio, que he puesto a vuestro cuidado". Carrasco defendera ante o Consejo os dereitos e bens do Patrimonio Rexio (Moxó, Salvador "Un medievalista en el Consejo de Hacienda: Don Francisco Carrasco, Marqués de la Corona (1715-1791)". *ANUARIO DEL DERECHO ESPAÑOL*. XXIX. 1959, p. 609).

11. DIAZ-CASTROVERDE, J. L. "Conflictos por la tierra en la provincia de Orense durante el siglo XVIII. Protagonismo del Conde de Troncoso en las disputas". *XORNADAS DE HISTORIA DE GALICIA*. Anexo VIII. 1995, 133.

12. RAMÓN Y FERNÁNDEZ-OXEA, José. "Labras heráldicas gallegas". que o toma de ATIENZA, Julio. *Nobiliario español*. Madrid. 1948, p. 1.680.

ra as súas casas da calle de las Fuentes de Madrid, na parroquia de S. Ginés, con facultade para que o seu marido as vendese e subrogase seu valor en outros bens, como así o fixo no ano 1765<sup>13</sup>, ó quedarse coas casas de Madrid e darlle ó seu fillo en compensación dos 2/3 do capital da súa nai todos os bens do couto de Troncoso, couto de Ramiras, coutos de Couxil, Couxiliño e Sanguñedo<sup>14</sup>.

En segundas nupcias casou con *Josefa Rita del Villar*, da casa de Cornoces e Vilariñofrío (Ourense), no ano 1737. Esta muller era filla de D. Pedro Manuel de Villar y Toubes e de D<sup>a</sup> Ursula Bermúdez, que a dotaron coa Granxa da Cuqueira, fregresía de Sta. Cruz de Arrabaldo, na xurisdicción de Amoeiro, devolta por D. Pedro en 1757 ós seus sogros, moitos anos despois da morte de D<sup>a</sup> Josefa, no ano 1740<sup>15</sup>.

Contrae novas nupcias con D<sup>a</sup> *Josefa Ichazo*, filla de Miguel Ichazo Cid Feijóo, señor de Moimenta e Vilarchao e rexedor de Ourense por nomeamento que en 1737 lle fai a Condesa de Monterrei, D<sup>a</sup> María Teresa Alvarez de Toledo Haro de Guzmán, e de D<sup>a</sup> Benita Antonia de Lemos.

D. Miguel, polos Ichazo, tiña voz e voto nas Cortes do Reino de Navarra, de onde era oriundo, e era señor dos coutos de Rairo, Moimenta e Vilarchao.

Foi representante da provincia de Ourense na Xunta do Reino de Galicia do ano 1760, na que tivo unha actuación destacada na denuncia dos despozos forais feitos polos monxes cistercienses e bieitos que “apurán de tal modo a los naturales y gentes Principales del Reino que lo reducen a la última estrechez” e propugna os aforamentos perpetuos<sup>16</sup>.

No ano 1746 morre D<sup>a</sup> Josefa, deixando a súa filla María de la O Ichazo como herdeira do morgado fundado en 1649 por D<sup>a</sup> María de Losada Feijóo Cadórniga y Sotelo, viuva do Lcdo. Pedro Fernández Cid de Nóvoa e Trarigo, Avogado dos Reais Consellos, Consultor do Santo Oficio do Reino de Galicia e rexedor perpetuo de Ourense, que a facultara para fundar morgado sobre os coutos de Rairo, Vilarchao (F<sup>a</sup> de Chamusiños), Moimenta e sobre o oficio de rexemento de Ourense<sup>17</sup>.

A súa derradeira esposa, que o sobreviviu, foi D<sup>a</sup> *Jacinta Gayoso y Ozores*, filla dos Condes de Amarante. O casamento tivo lugar no ano 1749,

13. AHPOR. Casas particulares. Caja 3061, f. 224. Inventario dos bens do Conde D. Lorenzo, 17.

14. Inventario de D. Lorenzo, f. 225 vº.

15. AHPOR. Protocolo de Miguel Pérez de Nóboa. 1757.

16. DÍAZ-CASTROVERDE. *Obr. cit.*, p. 146.

17. AHPOR. Protocolo de Diego Sánchez. 1649, f.296.

sendo Jacinta viuva de D. Fernando Verdes Montenegro, Presidente do Consello de Hacienda e bó amigo de D. Pedro, como logo veremos. A súa xestión como Secretario de Hacienda parece que foi deplorable e confusa<sup>18</sup>. Foi un dos dos ministros que sucedeu a Patiño e, antes, a Campillo, que entra en 1741.

D<sup>a</sup> Jacinta preitexou máis tarde cos fillastros pola dote que aportara ó matrimonio<sup>19</sup>.

## 1.2. PATRIMONIO

A lexítima herdada de seus pais xa vimos que era escasa e non lle permitía ningún exceso. Mais o patrimonio acadado por el dende moi xove(1714) ó longo da súa vida constitúe un cuantioso e importante capital en rendas de bens rústicos e urbanos que situou arredor da súa comarca de orixe, consistente en foros feitos polos mosteiros e ordes militares e polo Conde de Monterrei, quel logo subaforaba.

Son moi numerosas as compravendas e troques, os foros, arrendos, execucións, prorrateros, etc. realizados por D. Pedro, case sempre por medio de seus mordomos e administradores, e que figuran no Inventario dos bens relictos do seu neto D. Lorenzo, feito en 1829. As adquisicións dos antergos datan dende o século XVI.

Vamos a deternos en algunhas das adquisicións máis importantes:

- *O lugar e couto de Ramiras* (F<sup>a</sup> de Sta. María de Macendo de Montes) fóralle vendido ó mosteiro de Celanova no ano 1598 polo Capitán Gregorio de Parada, alcalde e meiriño da fortaleza de Fornelos por D. Pedro de Sotomayor, e súa muller María de Puga, á que pertencía por herdanza dos seus pais e avós, en 700 ducados. A venda incluía as casas e vasalos, a xurisdicción civil e criminal, dereito de luctuosas, pero non as rendas de foro e o dereito a poñer gardas nos montes do lugar de Ramiras.

A venda foi consecuencia do preito que o matrimonio sostivera co mosteiro pola xurisdicción civil e criminal. A R. Audiencia amparara o dereito do matrimonio á xurisdicción do couto, se ben somente dentro das casas do lugar e, ademáis, no dereito a poñer gardas para a conservación dos montes.

En 1710, D. Ignacio Feijóo y Araújo, v<sup>o</sup> de Sta. Marina de Gomariz, aforou a Miguel Martínez, v<sup>o</sup> de couto de Troncoso, e a outros tres veciños de Ramiras todo o lugar por 100 reais.

---

18. GARZON PAREJA, Manuel. *Historia de la Hacienda en España*. Madrid. 1984, p.597.

19. Inventario, f. 223.

Catro anos despois, en 1714, os veciños de Ramiras cederon todo seu dereito a D. Pedro Martínez Feijóo e, en 1730, éste compra todo o lugar a D. Ignacio, é dicir, a parte que este aínda posuía, redondeando así as súas propiedades.

En 1740 obtén R. Carta Ejecutoria de despoxo contra os veciños e posuidores do couto de Ramiras, facendo foros de novo ós veciños en mais duras condicións.

En 1741, o mosteiro de Celanova aforálle a D. Pedro a xurisdicción e luctuosas por vida de tres reies en 75 reais cada ano. Tiña, por enton o couto 36 veciños e o mosteiro parece que cobraba 263 reais ó ano.

D. Pedro resérvase para sí a terceira parte de toda a terra do couto e o cercado e percibía dos alfareiros, que eran unhos trinta, catro olas de viño de cada un<sup>20</sup>.

Este foro foi o broche que pechou o preito que D. Pedro sostivo con Celanova pola xurisdicción debido a que descoñecía a venda que o Capitán Parada fixera ó mosteiro<sup>21</sup>.

- Os *coutos de Couxil e Couxiliño*, na fregresía de Sta. María de Toén, pertencían á Encomenda da Batundeira, da Orde de Alcántara, non sabemos dende cando.

O primeiro foro coñecido dos coutos de Couxil e Troncoso foi outorgado no ano 1420 polo Comendador Fr. Alvaro Fernández, co poder da Orde do ano 1411, a Pero López Mosquera el Viejo e a súa muller Sancha González e a dúas voces en 300 maravedís, voces que probablemente non se esgotaron, pois, en 1463, o Comendador Fr. Pedro de Castro volve a aforrar a Alfonso Vázquez del Villar, vº e rexedor de Ourense, a súa muller Violante López Mosquera, filla de Pero López, e a cinco voces os mesmos coutos en 500 mrs.<sup>22</sup>

En 1504, estaba no poder deste foro Pero Vázquez de Puga, alcaide do castelo de Roucos, e de 1532 ata 1543 Pedro López Mosquera el Mozo e seu irmán Vasco de Puga preitexan na R. Audiencia e logo na Chancillería de Valladolid polos lugares de Couxil e Couxiliño, rematando, ó parecer, o preito cunha avenencia co Comendador da Batundeira.

20. AHPOR. Clero. Libro 389, f. 10. Ante Antonio Feijóo y Ordóñez.

21. AHPOR. Clero. Papeis de Celanova. Ano 1763.

22. AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela. 1504, f. 13. Traslado do primitivo foro a petición de Pero Vázquez de Puga.



En 1603, o Lcdo. Gonzalo de Puga y Nóboa, abade de S. Martiño de Mugares, comprou os coutos a Sancha Vella Mosquera e a María Mosquera, veciñas de Prado, e, en 1604, a Pero López Mosquera, veciño, tamén, do couto de Prado, posuidores do foro<sup>23</sup>.

O 19 de setembro de 1615, o Comendador Fr. D. Fernando Pesoa de Castilla aforounos a D. Lope Varela y Andrade en 20 fanegas de centeo, 5 de trigo, 6 touciños e 6 reais. Comprendía o foro a xurisdicción civil e criminal e as rendas de ditos lugares máis os lugares de Ella e Xinzo, segundo os levara o Sr. Gonzalo de Puga, abade de Mugares, e o Br. Benito Enríquez de Nóboa, seu irmán, que foran despoxados porque feneceran as voces<sup>24</sup>.

Pasaron, logo, estos coutos, en virtude de transaccións e partillas entre D. Lope Varela el Mozo con D<sup>a</sup> María de Almansa, nai de D. Francisco Antonio Varela, e coa viuva deste, D<sup>a</sup> Damiana Fernández de Boán Landecho y Araújo, no ano 1701, a estas dúas donas.

Parece ser que sobre os morgados de Louredo e Viduedo e os bens libres pertencentes a D. Lope Varela y Andrade, el Mayor, houbera preito. D<sup>a</sup> Damiana, a súa vez, contraera matrimonio con D. Francisco Antonio Varela en 1677.

No ano 1725 tomou posesión dos coutos D. Juan Antonio Fernando Fernández de Boán, dono das Casas de San Damián e v<sup>o</sup> de Santiago, por herdanza da súa tía Damiana<sup>25</sup>.

Outros pequenos retallos dos coutos achábanse en diferentes mans. No ano 1736, Sebastián de Burdeos, v<sup>o</sup> da vila de Celanova, como marido de D<sup>a</sup> Rosa de Araújo y Puga, vendeu a D. Pedro Martínez Feijóo a parte que lle correspondía nos coutos de Couxil e Couxiliño e lugar da Ella, por herdanza da súa nai D<sup>a</sup> Feliciano de Araújo. Dous anos máis tarde, en 1738, véndelle a súa parte D<sup>a</sup> Josefa Bernarda de Araújo y Puga, irmá de D<sup>a</sup>. Rosa e veciña da fregresía de San Juan de Viveiro<sup>26</sup>.

Neste mesmo ano D. Pedro continúa a redondear estos coutos e acada un troco con Alvaro Francisco de Araújo y Puga, v<sup>o</sup> de Cotoverde, que lle da a parte que lle correspondía no couto e que disfrutaba como poseedor do morgado fundado por D. Bernardo, chamado de Cotoverde. Consistía esta

---

23. AHPOR. Casas particulares. Vaamonde, n<sup>o</sup> 458.

24. Inventario, f. 175.

25. Inventario, n<sup>o</sup> 175 v<sup>o</sup>.

26. Inventario, n<sup>o</sup> 176.

parte na percepción de sete fanegas de centeo, unha de trigo, 11 reais e un carro de palla triga. D. Pedro, en compensación, dalle oito moios de viño branco de renda en diversos lugares<sup>27</sup>.

Pero aínda lle faltaban algunhas porcións por adquirir. Unha era a de D. Baltasar de Araújo, presbítero veciño de Cotoverde, fillo de D. Benito Araújo e de D<sup>a</sup> Feliciano de Araújo e Avalle, que lle vende a parte que lle tocaba pola súa nai<sup>28</sup>.

Por último, en 1744, D. Pedro cómpralle a D. José Gaspar Fernández de Temes y Boán, señor de San Damián, os coutos cos seus vasalos e xurisdicción<sup>29</sup>.

A mediados do XVIII<sup>30</sup>, estes coutos eran de D. Pedro Martínez e dos herdeiros de Federico de Puga, veciños de Acebedo.

- A terceira das súas grandes adquisicións é a do *couto de Sanguñedo* (F<sup>a</sup> de San Martiño de Betán, actual axuntamento de Baños de Molgas).

Parece que comezou as compras no ano 1738, en que D<sup>a</sup> Ana Rodríguez de Araújo, viuva de D. Juan García, v<sup>o</sup> de Feá, lle vende o couto coa súa xurisdicción, segundo lle correspondera en virtude dun convenio sobre o preito que litigaba con D. José Barcia, como marido de D<sup>a</sup> Manuela García Somoza<sup>31</sup>.

En 1747, cómpralle a cuarta parte do couto a D. Alejandro Castro de Nóboa, v<sup>o</sup> da Granxa, na F<sup>a</sup> de Sta. María de Arrabaldo, couto de Santa Cruz, que era fillo de D. Diego de Castro e de D<sup>a</sup> Jacinta de Lastra, veciños que foran de S. Juan de Coiras. Dita cuarta parte adxudicáranlla ós vendedores en virtude dun despacho da R. Audiencia no ano 1732 e consistía en un vasalo e medio de fumaxe, luctuosa, 23 ferrados e 13 cuartillos de pan e 21 reais de dereituras e unha galiña e medio. A transacción acadou o precio de 4.255'5 reais<sup>32</sup>.

Unhos anos despois, cando se leva a cabo o Catastro de Ensenada, en 1751, este couto tiña 33 veciños e achábase repartido da seguinte forma: 19 veciños eran da xurisdicción dos herdeiros de Antonio Niño de la Vega; 7, de D. Pedro Martínez Feijóo e outros 7 de D. Gaspar Mosquera, Marqués de Aranda e v<sup>o</sup> de Pontevedra. Cada señor puña seu xuíz, se ben o principal

27. Inventario, f. 176.

28. Inventario, f. 176.

29. Inventario, f. 176.

30. AHPOR. CE. I de Couxil e Couxiliño. Libro 1542.

31. Inventario, f. 181 v<sup>o</sup>.

32. AHPOR. Protocolo de Juan Rodríguez y Limia. 1747, f.14.

era o desinado polos Niño. De luctuosa percibían 11 r. o primeiro, 7 o segundo e outros 7 o terceiro.

Este couto fora obxecto dun litixio, concluído en 1731 pola partixa dos bens de D. Andrés de Castro e D<sup>a</sup> María Antonia de Nóboa, súa muller, a petición do seu xenro, D. Francisco Blanco, marido de D<sup>a</sup> Andrea de Castro y Nóboa, entre D<sup>a</sup> Teresa e D<sup>a</sup> Francisca de Castro y Nóboa, fillas dos primeiros, e D. Alejandro de Castro, neto dos mesmos. Corresponderon tres cuartas partes do couto a D. Ignacio González de Toubes<sup>33</sup>, v<sup>o</sup> de S. Fiz de Barón.

Este D. Ignacio, ó seguinte ano, véndelle a D. Juan García, v<sup>o</sup> do couto de Feá, as tres partes que lle tocaban do couto coa xurisdicción e rendas, consistentes en 85 ferrados de centeo, 1 leitón cebado, dous carneiros, un touciño, doce “solomos” e catro galiñas<sup>34</sup>.

No mesmo ano, D. Ignacio convense con D. Alejandro de Castro en razón das partillas dos bens fincables de D. Andrés de Castro e D<sup>a</sup> María Antonia de Nóboa, de xeito que ó D. Alejandro se lle adxudicou a terceira parte do couto de Sanguñedo e as outras dúas terceiras partes a D. Francisco Blanco e D<sup>a</sup> Francisca de Castro<sup>35</sup>.

En 1738, D. José de Barcia, como marido de D<sup>a</sup> María Manuela García y Somoza, chega a outro trato coa D. Ana García Rodríguez de Araújo, viuva de D. Juan García, sobre as partillas da herdanza deste. Acordouse que D<sup>a</sup> Ana quedase co couto de Sanguñedo, segundo o adquirira D. Juan García por compra a D. Ignacio González de Toubes o 17-VII-1732, que a sua vez llo comprara a D. Francisco Blanco de Castro e a sua muller D<sup>a</sup> María Andrea de Castro o 1-V-1731<sup>36</sup>.

No mesmo ano, D<sup>a</sup> María Manuela García aproba, nun poder dado ó seu marido, D. José de Barcia, o convenio estipulado coa D<sup>a</sup> Ana María Rodríguez, viuva de D. Juan García de la Poza, polo que lle cedera, entre outras cousas, o couto de Sanguñedo para pago da dote e máis que pretendía contra a herdanza de D. Juan, seu marido<sup>37</sup>.

En 1825, intitúlase señor de Sanguñedo o Marqués de Villaverde, D. Benito María Sotelo de Nóboa, Niño de la Vega, etc., dono do Pazo de Guizamonde<sup>38</sup>.

---

33. Inventario, f. 183 v<sup>o</sup>.

34. Inventario, f. 182 v<sup>o</sup>.

35. Inventario, f. 182 v<sup>o</sup>.

36. Inventario, f. 182.

37. Inventario, f. 182.

38. AHPOR. Protocolode Vicente Alvarez. 1825, f. 183

- *O couto de Troncoso* vai a ser o centro neurálxico das posesións deste linaxe, cuio nome tomou para o seu título de Conde, pois non en vano naceira nel.

Como xa vimos, foi aforado, xunto co couto de Couxil, en 1420, polo Comendador da Batundeira a Pero López Mosquera, el Viejo, e a súa muller Sancha González.

Co paso do tempo estivo en poder de Vasco de Puga, señor tamén dos coutos da Mezquita e San Vitoiro, por herdanza de seu pai, Nuño González de Puga, fillo de Gutierre González Mosquera de Vilariño, v<sup>o</sup> de Allariz, e de sua muller, D<sup>a</sup> Aldonza Mosquera ou Rodríguez Villar, fundadores da primitiva capelanía de Nosa Señora da Asunción da Catedral de Ourense. Nos seus descendentes recaerá o patronato e a construción da capela do mesmo nome no trascoro da Catedral de Ourense<sup>39</sup>.

En 1568, o couto de Troncoso era xurisdicción do señor Vasco de Puga<sup>40</sup> e, en 1586, dos seus fillos<sup>41</sup>.

En 1618, dise señor dos coutos de S. Vitoiro e Troncoso D. Juan de Zúñiga, Puga y Sandoval, v<sup>o</sup> de Allariz<sup>42</sup>, e, en 1620, a súa viuva D<sup>a</sup> Isabel Salgado de Ribera<sup>43</sup>.

Anos despois, en 1682, D<sup>a</sup> Antonia Gayoso, viuva de Francisco Alvarez de Argiz, noméase no seu testamento señora de Soutomayor, San Victorio, Torre da Mezquita e couto de Troncoso.

Todos estes señoríos herdounos D<sup>a</sup> Antonia da súa nai, D<sup>a</sup> Constanza de Reinoso, segundo consta na escritura de dote outorgada en 1636 ó seu favor polo seu pai, D. Juan de Gayoso Noguero y Prado, cabaleiro de Santiago, Alférez Maior e Rexedor perpetuo, Capitán e Cabo da Compañía de Milicias de Ourense.

Tamén incluía os bens que en ditos coutos comprara Alonso de Gayoso, pai de D. Juan, a Antonio de Zúñiga, v<sup>o</sup> de Allariz<sup>44</sup>.

En 1634, D. Juan de Gayoso Noguero y Prado afóralle ós veciños do couto todo o territorio na mesma forma que o levaba por foro que lle fixe-

---

39. ADO. Capellanía de Ntra. Señora de la Asunción. Pleito entre Gonzalo Ballesteros, clérigo veciño de Oimbra, co clérigo D. Francisco de Reinoso sobre a presentación da capela. 1611.

40. AHPOR. Protocolo de Juan Martínez. 1568, f. 1.

41. AHPOR. Casas particulares. Casa de las Pereiras. Astariz. 1586.

42. AHPOR. Protocolo de Gaspar Fernández Feijóo. 1618, f. 58.

43. AHPOR. Protocolo de Gaspar Fernández Feijóo. 1620, f. 82.

44. ADO. Protocolo de Manuel Montero. 1694.

ra a Encomenda da Batundeira en 1629, na sexta parte dos froitos, 3.000 rs. de renda e de dereituras 1 ducado, 4 sábalos, 3 salmóns e 3 reais de troitas.

D. Pedro posuía por herdanza bens en Troncoso, pero el vainos a acrecentar ata facerse con toda a xurisdicción do couto.

En 1746, D. Fernando Gayoso Arias y Ozores, Conde de Amarante, dalle en foro a D. Pedro a xurisdicción civil e criminal que tiña no couto de Troncoso coa doación da sexta parte dos froitos que lle correspondía pagar pola Granxa de 90 cavaduras que posuía D. Pedro contigua a súa casa, e de 1'5 moios de viño que lle pagaban de renda ó D. Fernando, coa pensión de pagar á Encomenda da Batundeira 2.000 mrs. cada ano por foro e outros 1.000 ó Conde de Amarante.

No mesmo ano, D. José Jacinto Quindós Andrade y Figueroa, Marqués de S. Saturnino, afóralle a D. Pedro a parte que lle correspondía da xurisdicción civil e criminal e demáis señorío que tiña no couto.

O Catastro de Ensenada, da a Troncoso como da xurisdicción da Encomenda da Batundeira, Orde de Alcántara, aínda que, como vimos, fora aforada.

- Outra parte relevante do seu patrimonio achábase na fregresía de San Miguel de Melias e consistía na *Casa do Souto de Buenavista*, que pertencera a D. Fernando Verdes Montenegro, Presidente do Consejo de Hacienda.

No ano 1740, D. Fernando Verdes da poder a D. Pedro para aceptar no seu nome un foro que lle había de outorgar a Condesa de Lemos dunhos bens<sup>45</sup>, e dous anos despois, morto xa D. Fernando, o seu irmán D. Miguel, como tutor dos fillos de aquel, véndelle a D. Pedro os bens dese foro<sup>46</sup>.

No ano 1745, levaba esta granxa en aparcería D. Alejandro Pérez e, en 1753, D. Pedro obtén licencia do bispo de Ourense para facer nesta Casa unha capela coa advocación de S. Francisco de Paula.

Ó seguinte ano, D. Pedro amplía o vínculo que fundara súa primeira muller e consígnalle, en lugar das casas da calle de las Fuentes de Madrid, toda a facenda que poseía no lugar e fregresía de S. Miguel de Melias e catro fregresías inmediatas e outras rendas en Sanín, Ventosela, Rivadavia, etc.

---

45. Inventario, f. 126.

46. Inventario, f. 126.

Deste xeito, a Casa do Souto queda agregada ó morgado que fundara a primeira esposa, sendo ratificada a nova fundación en 1755 por D. Pedro e polos seus fillos<sup>47</sup>.

Entre as rendas desta Casa atopábanse as pesqueiras do Miño que había nesta fregresía, segundo se desprende da querela que entabla en 1757 D. Pedro contra varios pescadores para que lle pagasen a cuarta parte do peixe que colleran no Miño e pesqueiras que alí lle pertencían<sup>48</sup>.

A capela proxectada en 1753 xa estaba construída en 1798<sup>49</sup>, pois D. Domingo Antonio Rosendo Maquieira, mordomo e apoderado xeral do Conde, entrégalle a Antonio Figueiredo, vº de Astariz, en calidade de novo mordomo de Melias, a Casa do Souto e os bens dela, figurando a capela co retábulo, ornamentos, un cadro de S. Francisco, a adega con 14 cubas, con capacidade de 216 moios, carros, apeiros de labranza, tres camas torneadas de fábrica vizcaína, enxovares, prata, etc.

- No ano 1753, D. Pedro é nomeado herdeiro por Dª Luisa Antonia de Zúñiga, dona da *Casa e Granxa de la Torre*, na fregresía de Sta. Cruz de Arrabaldo, e ó ano seguinte, no seu codicilo, grava estos bens con certas misas.

Esta Dª Luisa era muller de D. Silvestre de Nóboa e a herdanza ocasionoulle a D. Pedro algunhos sinsabores, pois o mosteiro de Oseira reclámalle certas olas de viño de renda que D. Pedro non abonara por creer que eran bens libres<sup>50</sup>.

- Outras porcións de patrimonio estaban espalladas por diversos lugares: No ano 1721, o Conde de Monterrey cédelle bens en Sanín.

En Untes, o mosteiro de Celanova, en 1752, dalle en foro a D. Pedro certos bens en 19 olas de viño branco<sup>51</sup>.

En S. Esteban de Castrelo, compra no ano 1735 a D. Juan Francisco Azpilcueta e a súa muller, Dª Josefa de Armada, un foro de 14 olas de viño branco.

D. Pedro segue a incrementar o seu patrimonio. As compras, permutas, préstamos, etc., realizados por el son numerosísimas en todos os tempos, así como as execucións por débedas reclamadas por el e prorateos.

47. Inventario, f. 225.

48. Inventario, f. 126.

49. AHPOR. Protocolo de Felipe Vello Araújo. 1798, f. 5.

50. AHPOR. Clero. Oseira. Libro 866, f. 51 vº.

51. AHPOR. Inventario de D. Lorenzo.

Entre os *censos* podemos lembrar o que fixo en 1740 a D. Juan Manuel de Puga, dono da Torre de Puga, e, quizás, seu parente, que hipotecou bens e rendas á un préstamo de 30.000 reais<sup>52</sup>.

No ano 1753, D. Rodrigo Alvarez y Vivero, dono e veciño da Casa da Netorra, fregresía de S. Xinés da Peroxa, impón un censo de 132 reais anuais de réditos por 4.400 reais de capital, que lle entregou D. Miguel Armida y Martínez, coengo de Ourense, en nome do seu tío, D. Pedro Martínez, hipotecando á seguridade do censo todos os seus bens, especialmente o señorío particular e libre da Barca de Silva, no río Miño, co seu embarco e desembarco nas fregresías de S. Vicente de Graíces e Sta. María de Melias, e as casas da Netorra coas hortas inmediatas.

En 1765, impoñen un censo de 750 reais de réditos anuais a favor de D. Pedro o rexedor perpetuo de Allariz, D. Benito González Ojea, a súa muller, D<sup>a</sup> Manuela Blanco de Quirós, e seu fillo D. José coa sua muller, D<sup>a</sup> Juana Fierro del Mercado y Monroy, tamén veciños de Allariz<sup>53</sup>.

D. Pedro, en medio de todo, foi benefactor dos seus vasalos. Fundou unha *escuela de primeiras letras* en Freás para ensinar a ler, escribir e contar ós raparigos de Astariz e dotouna con unha casa con horta e 40 ducados de renda anual<sup>54</sup>.

Esta fundación ven a demostrar a preocupación que o movía a promover a elevación do nivel cultural do pobo no século das luces.

Testemuña do seu favor á promoción de estudantes é a *Hoja de Grados* que lle dedica D. Juan Mosquera Sorribas, como seu vasalo, nas conclusións para a obtención do grao superior, defendidas en 1752 na universidade compostelana, impresa en seda por Buenaventura Aguayo. Ó fronte da mesma estampouse o seu escudo de armas, aberto para á ocasión por Francisco Fernández Lombardero. O escudo, partido, trae por armas; 1º castelo, donjonado de unha peza; medio cortado, xedrezado (dos Martínez, de Troncoso); 2º, espada acostada de seis bezantes, tres en cada flanco (dos Feijóo, de Vide). Ó timbre, yelmo e cimera<sup>55</sup>.

Durante o seu terceiro matrimonio construiu unha *capela* dedicada a Nosa Señora das Mercedes en Ramiras e na igrexa de Sta. María de Astariz aínda se conservan dous altares laterais, doación de “Don Pedro Manuel

---

52. Inventario, f. 181 vº.

53. AHPOR. Protocolo de Miguel Antonio de Neira. 1765, f. 52.

54. Inventario, f. 223.

55. BARRIOCANAL LÓPEZ, Y. *El grabado compostelano del siglo XVIII*. A Coruña, 1996, p. 284-349.

Martínez-Feijóo y Puga<sup>56</sup>, Conde de Troncoso, caballero del ámbito de Santiago, Oidor de la Chancillería de Valladolid. Año de 1748”, nos que figuran sendos escudos ovalados, partidos e timbrados con unha coroa condal, en cuia partición vense un castelo e un xedrezado, armas dos Martínez, e na segunda, as dos Feijóo<sup>57</sup>. Parece que as capelas estaban dedicadas a S. Antonio e a S. Judas<sup>58</sup>.

Non lle faltaroan outras preocupacións. Tivo a tutela de D. Miguel de Armida y Martínez, seu sobriño, que lle pediu contas, saindo o tutelado alcanzado en 30.000 reais, para cuio pagamento lle cedeu a D. Pedro a lexítima paterna e materna en Troncoso, Ramiras e Puga e outros bens valorados en 20.000 reais, obrigándose a pagar o resto en prazos dacordo coa escritura que firmaron en 1745. Este foi outro xeito de crecemento do patrimonio.

Outorga *testamento* D. Pedro no ano 1755 deixando a súa filla María de la O a terceira parte dos seus bens libres en calidade de vínculo e ó primoxénito, D. Pedro Manuel, os morgados de Troncoso. Este, ademais, levaría os de Lorca e Ortega pola súa nai.

En 1762, o rei concedeulle o *título de Conde de Troncoso* polos seus servicios á Coroa.

Morre en marzo de 1768 en Troncoso, a donde se retirara.

Inmediatamente, se fai *inventario* dos bens da Casa de Troncoso, que se poñen ó cuidado do Lcdo. D. Domingo Antonio Varela ata o 22 de xullo. Nesta data, por carta orde do 7 de xullo da viuva de D. Pedro e do fillo, o segundo Conde, retíraselle a custodia ó Varela e encárgaselle a D. Ambrosio Bermúdez, capelán do Conde, para que nomee persoa que se ocupe da custodia. É designado José Alvarez, vº de Troncoso, que actuará baixo a dirección do capelán. Por último, por enfermidade deste, nomea administrador e mordomo a D. Felipe Araújo y Somoza, vº de Santiago de Trasariz, na xurisdicción de Roucos.

O dous de agosto entréganselle ó novo administrador todos os bens<sup>59</sup> e con este motivo faise unha relación de bens da Casa que nos permiten

56. Por entón D. Pedro Manuel debía ter unhas 17 anos. Posiblemente foi feito polo fillo anos despois desa data.

57. RAMÓN Y FERNÁNDEZ-OXEA, José. "Labras heráldicas gallegas". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. 1961, nº 50.

58. Inventario de 1771.

59. AHPOR. Protocolo de Joaquín Pérez Arias. 1771, f. 103.



apreciar a riqueza da mesma, as adegas vella e nova, con unha grande cantidade de cubas de viño, as diferentes pezas da casa con toda clase de mobles, enxovais e biblioteca con libros de dereito e devoción. Entre estos destaca o Oficio de los santos de la Merced e o Ritual de la Orden de la Merced, que parecen mostrar certa vinculación con esta Orde, posiblemente o seu irmán Benito, mercedario, a capela coas súas alhaxas e abundante prata, etc.

A roupa do Conde repártese entre os seus paxes, D. Domingo Varela e D. Manuel Toledo e o cirurxian e axuda de cámara, D. Pedro Suárez. Outro cirurxián, D. José de Puga, de S. Ciprián de Viñas, tamén se beneficia do reparto. O capelán, a súa vez, levou un vestido de terciopelo usado.

A filla, María de la O, leva a litera con todolos arreos das mulas e outras cousas a Noia e a San Damián. A Condesa viuva, que se atopaba en Madrid, e o Conde recibiron outras cousas, como as 4 mulas do coche que chegaran de Madrid, escrituras, etc.

*María de la O* casara con D. Manuel Boán y Correa, Duque de Estrada, fillo de D. Gaspar Boán (irmán de D. José Vicente Fernández de Boán, coengo lectoral de Decretos en Santiago). Cando morre seu pai era xa viuva e pide, sendo veciña da vila de Noia, que se dé a tutoría dos seus fillos a D. José Vicente, en sustitución de D. Miguel Cao Cordido, procurador de causas de Ourense<sup>60</sup>.

Sostivo preito co seu irmán pola herdanza do seu pai e correspondéronlle nas partillas 318.102 r.<sup>61</sup>

No ano 1769, sendo maior de 24 anos e menor de 25, como herdeira do morgado fundado por D<sup>a</sup> María de Losada por escritura ante Diego Sánchez de 27-X-1649, sito na vila de S. Ciprián de Viñas, fai foro perpetuo a D. Agustín Pérez, seu mordomo, que vivía na casa de S. Ciprián, da granxa da Farixa coa súa casa de alto, cociña e lagar e viña de 100 cavaduras, cerrada, viñas e montes, que tiña carga de 14 cuartas de viño branco ó Cabido, e de outros bens propios seus e non do morgado, en 3 moios de viño tinto<sup>62</sup>.

Casou en segundas nupcias con D. Luis ou José de Lemos, Sarmiento y Puga.

---

60. ARG. 1768.

61. Interrogatorio de D. Lorenzo, f. 450.

62. AHPOR. Protocolo de Domingo Benito de Araújo Feijóo. 1769.

## 2. D. PEDRO MANUEL MARTÍNEZ FEIJÓO, SEGUNDO CONDE DE TRONCOSO

Nace arredor de 1730-1 e cando testa seu pai, en 1755, era Colexial do Colexio de Santa Cruz.

Descoñecemos en que intre pon casa en Valladolid, para cuio equipamento lle presta seu pai 90.000 reais, que se obriga a devolverlle en dous prazos: 44.000 reais no primeiro ano e 48.000 no seguinte. O seu pai, cauteloso e previsor, quedábase con todo o que producisen as rendas do fillo ata o total reintegro da débeda<sup>63</sup>.

En 1765, obtivo a Alcaldía del Crimen con honra e preeminencias na R. Chancillería de Valladolid por renuncia de D. Manuel de Rodas.

No ano 1767 era xa do Consejo de S. M. no Supremo de Castilla e veciño de Madrid, e, estando en Troncoso, deu poder a procuradores para opoñerse ás dilixencias que se practicaban nun prorratero de bens no couto de Puga<sup>64</sup>.

Debeu pasar toda a súa vida en Castela, aínda que sempre tivo preocupación polas terras do título de Troncoso.

Á súa munificencia débese a ampliación da igrexa de Santa María de Astariz, costeando en 1774 a construción dunha sacristía trala capela maior e dúas capelas colaterales, contratadas ó mestre Pedro Ribas, vº de Rebordelo (Pontevedra), en 5.050 reais, dando o conde a madeira precisa para os andamios do seu souto de Ramiras<sup>65</sup>.

Ó ano seguinte, donou á mesma igrexa de Astariz as imaxes de San Camilo de Lelis e S. Lorenzo, en cuías peanas consta que foron labradas en Madrid por José Salvador Carmona, sobriño de Luis, quen o leva á Corte, seguindo as ensinanzas da Academia de San Fernando. Ambas imaxes, de mediana calidade, aparecen aloxadas nos seus correspondentes retábulos de estilo rococó no brazo do cruceiro, formando parella cos colaterales do Evanxelio, que conteñen as esculturas de San Judas e San Antonio de Padua, de distinta man. Unha inscrición indica que os catro retábulos foron doados e mandados facer por D. Pedro Martínez Feijóo, membro do Consejo de Castilla, cabaleiro da Orden de Santiago e conde de Troncoso, ostentando no ático as súas armas<sup>66</sup>.

63. Inventario, f. 226.

64. AHPOR. Protocolo de Domingo Benito de Araújo Feijóo. 1767, f. 93.

65. COUSELO BOUZAS, José. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela. 1932, p. 561.

66. RAMÓN Y FERNÁNDEZ- OXEA, José. "Heráldica de las Riberas del Miño". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. 1964, nº 59, p. 329. BRASAS EGIDO, J.; GONZÁLEZ PAZ, J. "Dos obras de José Salvador Carmona en Astariz (Orense)", *Boletín del Seminario de Arte y Arqueología*. XLVII. Valladolid, 1981, p. 470-472.

No ano 1786 nomea mordomo a D. Marcos Salinas Prieto co estipendio de 300 ducados e 200 reais máis por correo, castañas e demais gaxes acostumados, levando tamén as hortalizas, froitas, palla triga, soutos e casa de Troncoso. Entre as obrigas figuraba a de comprar cada ano dous porcos de cría e cebalos para enviar a Valladolid<sup>67</sup>.

Faleceu ó ano seguinte.

### 2.1. MATRIMONIOS

Casou en primeiras nupcias con *D<sup>a</sup> María de Zúñiga y Zárate*, filla do Marqués de Bosqueflorado, D. José Francisco de Zúñiga Losada, da Granxa do Mato, na fregresía de S. Martín de Cameixa, e da súa muller, D<sup>a</sup> Francisca Zárate y Murga, natural de Santiago e filla do Marqués de Montesacro, D. José de Zárate y Murga, natural da Rioxsa e veciño de Santiago, e de D<sup>a</sup> María de Luyando.

A outra filla do Marqués de Montesacro, Josefa de Zárate, casara co Marqués del Arco.

De D<sup>a</sup> María tivo o seu fillo D. Lorenzo, terceiro Conde de Troncoso.

Morta D<sup>a</sup> María, volveu a casar con *D<sup>a</sup> Joaquina Múgica*, que o sobreviviu moitos anos, falecendo en 1823.

### 3. D. LORENZO JUAN PEDRO MIGUEL JOSÉ ANTONIO RAMÓN GREGORIO Y FRANCISCO DE SALES MARTÍNEZ FEIJÓO, TERCEIRO CONDE DE TRONCOSO E SEGUNDO MARQUÉS DE BOSQUEFLORIDO

Naceu o terceiro Conde en Ourense, sendo bautizado na igrexa de Santa Eufemia no ano 1760, e apadriñado por poder de D. Juan López Villanueva, Cabaleiro de Calatrava e Secretario do Rei no Despacho Universal de Hacienda, e de súa esposa, D<sup>a</sup> María Teresa López Partearroyo, veciños de Madrid.

#### 3.1. MATRIMONIOS

Casou moi xove en primeiras nupcias (pois dá carta de pagamento da dote en 1778) con *D<sup>a</sup> Gertrudis Engraba, Espinosa y Ovalle*, procedente de Rueda, no partido xudicial de Medina do Campo, da que houbo a súa única filla, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores.

Morta D<sup>a</sup> Gertrudis en 1821, casou segunda vez coa súa prima *D<sup>a</sup> Ramona de Lemos Martínez Feijóo ou Ichazo*, que o sobreviviu.

---

67. Inventario, f. 84.

En 1802, herdou o título de *Marqués de Bosqueflorado* e seus morgados do seu tío, D. José Benito de Zúñiga y Zárate.

Foi rexedor de Ourense (en 1788 o Concello mándao á Coruña como representante na comisión de Millóns<sup>68</sup> e, en 1823, figura como Presidente do Axuntamento provisional, mentras non se presente o titular, que era o Marqués de Villaverde, porque cesara o Axuntamento constitucional<sup>69</sup>), e Salamanca e vivía en Valladolid cando as tropas napoleónicas chegaron a esta cidade como consecuencia da batalla de Cabezón. Retírase, entón, a Galicia, en donde parece que residíu ata o fin dos seus días, deixando en Valladolid a filla, xa casada.

Ainda enfermo o seu pai, en 1788, o Conde de Campomanes, como Gobernador do Consello de Castilla, fai unha intervención, un tanto inexplicable polo de hoxe, na casa dos Troncoso.

En carta do 28 de agosto ó Presidente da Audiencia de Galicia dispón “que por ahora, en el interin se mejore el Conde, se encargue la dirección doméstica de la Casa a la referida Condesa (súa esposa) y para que no decaigan las fincas y sus productos se encargue la dirección de sus Mayorazgos a Don Francisco de Arjona, Oidor de esa Chancillería, con la asignación de doscientos ducados anuales”.

Díaz-Castroverde pensa que a intervención podería obedecer ós preitos que a Casa sostiña para prorrato de rendas na Chancillería e que a vella amizade de Campomanes co primeiro Conde nos tempos que coincidiron no Consello trataría de protexer.

Pero, por outra parte, D. Lorenzo nese mesmo ano faise cargo dos morgados á morte do pai e o 23 de outubro D. Marcos Salinas, mordomo do segundo Conde e seu administrador, entrega ó novo administrador, D. Luis de Mira, nomeado por D. Francisco de Arjona, Oidor da Chancillería de Valladolid e xuíz privativo para o coñecemento das rendas correspondientes ós seus morgados, os bens da Casa de Troncoso<sup>70</sup>.

Esta intervención xudicial deu lugar a realización dun inventario moi detallado dos bens e enxovares da Casa de Troncoso e Ramiras, que coincide en esencia co realizado ó falecemento do primeiro Conde, en 1771.

A intervención do conde de Campomanes, probablemente ben intencionada e de longa duración, tivo consecuencias desastrosas para a Casa de Troncoso e deron lugar á queixas de D. Lorenzo.

68. AHPOR. Municipal. Ourense. Actas de 11 e 23 de abril de 1788, f. 50 e 60.

69. AHPOR. Municipal. Ourense. Acta do 13 de xullo de 1823.

70. AHPOR. Protocolo de Francisco González Araújo. 1788 f. 84.

En 1792, D. Luis de Mira, como comisionado do Conde de Campomanes, Gobernador del Consejo de los mayorazgos y rentas del Conde de Troncoso, da en arrendo a casa, tulla, rendas e dereituras que o Conde tiña en S. Esteban de Sandiás e partido da Limia, a D. Manuel Pérez Salgado, residente na Casa do Souto (S. Miguel de Melias), en 239 fanegas e 3 ferrados de centeo, a razón de 35 r. por fanega, que coas dereituras sumaban 8.410 r., se ben había partidas incobrables, quedando reducidas a 7.140 r. ó ano<sup>71</sup>.

### 3.2. O MARQUESADO DE BOSQUEFLORIDO

No ano 1802, como xa dixemos, D. Lorenzo faise cargo do *Marquesado de Bosqueflorido* e dos morgados de Zúñiga e Zárate. Con iste título herdará unha porción de preitos e amarguras que se veñen a sumar ás da Casa de Troncoso.

No ano 1738 ostentaba o título *D. Diego Luis de Losada y Argiz ou Losada Alvarez Feijóo, Deza y Lemos*, Coronel de Caballos del Regimiento de Sevilla y Coronel del Regimiento de Caballería de Flandes, que herdou, pola morte sen sucesión do seu irmán Tomás Francisco, en 1725, os morgados fundados polos Alvarez de Argiz, asentados en Mugares.

Era fillo do Capitán D. José Francisco de Losada, Rexedor de Ourense, morto en 1714, e de D<sup>a</sup> María Antonia Alvarez Ulloa.

Preitexou con D. Juan Méndez Salgado Montoto polo morgado fundado por D<sup>a</sup> Clara de Deza y Lemos, muller de D. Alvaro Sotelo.

Á morte de D. Diego, en 1743, herda o título seu sobriño, D. José Francisco de Zúñiga y Losada, fillo de D<sup>a</sup> María Teresa Losada, irmá de D. Diego, e de D. Juan Domingo de Zúñiga, dono da Granxa do Mato, en Cameixa. Desta forma a Granxa do Mato queda incorporada ó Marquesado de Bosqueflorido.

- A *Granxa do Mato* (Fregresía de S. Martín de Cameixa) tiña o seu orixe nun foro feito en 1517 por D. Ochoa de Espinosa, como apoderado do abade e Oseira, a Suero de las Alas e a súa dona Leonor de Villasur, veciños de Santiago. Sucedeu nel a súa filla Teresa de las Alas, que falece en 1559 e deixa de seu matrimonio con Alfonso de Nóboa a Eliseo de las Alas, máis tarde coengo de Santiago e que morre en 1594.

Este tivo varios fillos que lexitimou: Luis de Villamarín, casado con María Maldonado, morto en 1631; Francisco de Nóboa e Jerónimo de las Alas.

71. AHPOR. Protocolo de Felipe Vello y Araújo. 1792, f. 56.

A Luis de Villamarín sucedeuille na Granxa o seu fillo, o Capitán Eliseo de las Alas Villamarín, que tivo a Antonia María de las Alas Villamarín, casada co Capitán Lorenzo Parceroy Zúñiga.

O mosteiro renóvalle en 1672 ó fillo deste matrimonio, Luis de Zúñiga Villamarín ou Caamaño, tamén capitán, que casou con Margarita de Ribera y Taboada, o foro da Granxa.

O irmán de Luis, D. Eliseo de Zúñiga, coengo maxistral de Santiago, polo seu testamento do ano 1710, funda unha capelanía de tres misas semanarias na capela de S. Antonio da Granxa do Mato, de donde era natural e oriundo, e unha obra pía de 100 fanegas de centeo de renda para repartir entre os pobres de Cameixa e parroquias veciñas, nomeando patrono delas ó seu sobriño D. Juan Domingo de Zúñiga y Ribera, dono da Granxa.

Sucédelle a D. Luis o seu fillo, Juan Domingo de Zúñiga y Ribera, que casa en 1708 con María Teresa de Losada, irmá de D. Diego Luis, Marqués de Bosqueflorido.

O fillo destes, José Francisco, casa con D<sup>a</sup> Francisca de Murga y Zárate, filla do Marqués de Montesacro.

Os Zúñiga tiñan casas en Santiago, na rúa da Zibechería e na do Preguntoiro e, en 1749, a Congregación de S. Antonio Abade, incluída na parroquia de S. Benigo do Campo, pactou con D. José Francisco de Zúñiga y Losada, para que lle admitise na súa capela de Santiago da que era patrono, a imaxe de S. Antonio Abade.

Tiña a Granxa unhas 24 hectáreas e o seu pazo foi estudado por Rivera. Conserva tres chemeneas con pináculos, hórreo de seis corpos e palomar. O escudo da fonte leva as armas dos Taboada, Villamarín e outras.

Ata entón, todos os señores da Granxa parece que tiñan a súa residencia habitual en ela, pero dende 1741, D. José Francisco figura como veciño de Santiago, desentendéndose un tanto destes bens, que foron aforados a diversas persoas.

Pola súa muller herda un dos morgados que o Marqués de Montesacro, poseedor de moitos efectos sobre rendas na vila de Madrid e na vila de Olías<sup>72</sup>, creara a favor das súas fillas.

O 4-IV-1749, toma en arrendo do Comendador D. Fr. Felipe de Vargas y Orozco, da Encomenda de Beade, diversos bens na fregresía de S. Miguel de Cabreira, bispado de Tui, coa xurisdicción civil, criminal e eclesiástica

72. RIVERA RODRÍGUEZ, María Teresa. *Los pazos orensanos...* Madrid. Seix y Barral. 1981, p. 252.

do couto de Liñares e o dereito de presentación da fregresía e o porto da barca de Perdeosono e pesqueiras de Premidoiro e Perdeosono, en 80 reais cada ano<sup>73</sup>.

En 1751, D. José Francisco obtén R. Cédula para impoñer un censo de 21.100 ducados sobre os morgados que posuía<sup>74</sup>. Descoñecemos por que motivo, pero quizás ten algunha relación co embargo dos bens dos morgados ou intervención xudicial en virtude de concurso de acreedores que ten lugar no ano 1769.

A administración dos bens deuse a Antonio Taboada, vº de Iruegas, do comercio de Madrid e principal acreedor. Con esta intervención xudicial os bens dos morgados, en especial a Granxa do Mato, ata 1801, sufriron grande deterioro.

Sucedeu a D. José Francisco seu fillo *D. José Benito de Zúñiga y Zárate*, que foi rexedor de Santiago e Ourense e Contador de Millóns desta derradeira cidade. A súa morte, en 1802, herdou o marquesado seu sobriño, D. Lorenzo Martínez Feijóo, Conde de Troncoso, fillo da súa irmá, María.

Unha das primeiras tarefas de D. Lorenzo ó facerse cargo do marquesado será o arrendo das rendas e bens para o ano 1803, en 39.982 reais, cifra, certamente, elevada se non sufrira todo o proceso de embargo pendente.

- Ó Marquesado estaba agregado outro *morgado* fundado polo *Lcdo. D. Antonio de Deza y Lemos*, vº e rexedor de Ourense, (institúe unha capelanía de S. Antonio na Catedral en 1674) a favor do seu sobriño, D. Antonio Salgado Deza Lemos, rexedor de Ourense e contador de Millóns que construiu a *casa chamada de Zúñiga*, sita na parte posterior da Fonte dos Coiros (rúa de Penavixía, nº 8, hoxe, 27), e morre en 1698. Herdouna, ó igual que o morgado, a súa filla María Teresa Salgado, a cal, morta sen descendencia, en 1716, deixou como herdeiro ó seu segundo marido, D. Ignacio de Prado y Lemos.

Este ten que facer fronte as reclamacións do herdeiro do morgado, D. Diego Luis de Losada Sotomayor, Coronel de Cabalos dos Regimientos de Flandes e Sevilla, Marqués de Bosqueflorido, descendente de María de Deza, irmá de Antonio de Deza, polos desperfectos do morgado e reintegro das cantidades e agregacións que debía facer ó morgado, como herdeiro da súa muller, D<sup>a</sup> Teresa Salgado, derradeira posuidora do morgado.

---

73. AHPOR. Casas Particulares. Troncoso. Caja 3061. Inventario del Conde D. Lorenzo. 1829, f. 397.

74. Inventario, p. 414.

Logo houbo unha transación entre os dous, en 1738, pola que D. Ignacio lle da a D. Diego en compensación 6.000 ducados en diñeiro, dúas casas na rúa da Fonte dos Coiros e outra casa na rúa do Pelouriño, a casa e adega da rúa da Fonte dos Coiros con un pedazo de viña e horta na traseira, pechada sobre sí e con saída ó camiño da Conca, que era a casa principal que habitaba D. Lorenzo e que estaba gravada con 10 ducados de foro ó Conde de Maceda e unha misa semanaria imposta por D. Antonio Salgado, e diferentes alhaxas de prata e mobles.

En 13-II-1797, aforouna D. José Benito de Zúñiga y Zárata, Marqués de Bosqueflorado, ó seu cuñado, D. Juan Nepomuceno Pimentel, cura de S. Martiño de Sagra, e logo, de S. Xusto e Pastor de Avión, nunha cantidade ínfima, 200 reais anuais. A razón de elo achábase na petición deste en favor da súa irmá, D<sup>a</sup> María Luisa Pimentel y Porras, muller do Marqués, que en caso de falecemento deste quedaría en situación moi precaria e, incluso, sen casa na que habitar.

O marqués accedeu a un negocio tan desventaxoso para os seus intereses porque atopábase doente de gravidade, mais sucede que mellora e por consello dos seus médicos vense a vivir a Ourense dende a Granxa, atopándose coa noticia de que a casa fora subaforada por D. Juan Nepomuceno a D. Francisco Rodríguez Gil, Mestrescola da Catedral, en deciembre de 1798.

Visto que a casa non retornaba ás súas mans, como prometera D. Juan Nepomuceno, demándao en 1799 a el e ó Mestrescola por nulidade de foro por lesión enormísima, pois estaba prohibido pola fundación vincular dala a censo, arrendo, etc.

Recaeu sentenza favorable no sucesor do morgado, que era xa o Conde de Troncoso, D. Lorenzo, mais o Mestrescola apela a Valladolid.

A invasión francesa e os trastornos por ela provocados interfíren no preito. O proceso detense en Valladolid, se ben prosegue na R. Audiencia da Coruña. Finalmente, a sentenza de 13-XI-1816 foi favorable de novo para o Conde e lle foi expedida carta executoria ó ano seguinte.

A casa, mentres, sofre moitos desperfectos. Estaba, ademáis, gravada con 10 ducados anuais ó dominio directo, que era o Conde de Taboada, e con unha misa semanaria na capela de San Antonio da Catedral, fundación de D. Antonio Salgado<sup>75</sup>.

---

75. AHPOR. Casas particulares. Conde de Troncoso. Libro 46. Ejecutoria a favor del Conde de Troncoso. 1817.



En esta casa habitou Villamil coa súa compañía e serviu, tamén, de pousada a D. Alonso Vicente Rodríguez, vº da Coruña, e a D. Santiago Sainz Martínez, do comercio de Ourense.

Por último, foi habilitada polo Conde D. Lorenzo para vivenda súa, sendo reconstruída totalmente<sup>76</sup>. Na súa fachada atópanse dous grandes escudos, un timbrado coa coroa condal e as armas dos Martínez, Feijóo, Araújo e Puga, e outro de distinta labra, probablemente dalgún destes morgados herdados polos Bosqueflorido.

D. Lorenzo, no proceso de saneamento da facenda dos seus dous títulos, acada, no ano 1815, unha moratoria por espacio de dous anos no que concernía a intervención xudicial do maquesado de Bosqueflorido. Presenta memorial de acreedores<sup>77</sup> e, en 1823, ten lugar un arranxo con estos no que dará renda solta á exposición de todos seus problemas.

Descoñecemos ata que punto poido ter algunha culpa D. Lorenzo, como el mesmo lembra, no desastre dos bens pertencentes ós vínculos herdados. Indudablemente, ambos estaban afectados cando el os toma e, ó mesmo tempo, o intre histórico que lle tocou vivir na España de finais do XVIII e comezo do XIX, coa invasión francesa, foron extremadamente difíciles. Os problemas que lle prantexaron non sempre poido remontalos e á súa morte deixou unha porción de débedas.

De seguido veremos algunhos problemas ós que tivo que facer fronte:

No ano 1810, outorgou capitulacións matrimoniais con motivo do casamento da súa filla con D. Vicente Vayón de Vayón<sup>78</sup>. O Conde obrígase a pagar ós seus fillos as dúas terceiras partes do produto das rendas do morgado de Zárate durante a vida da súa esposa D<sup>a</sup> Gertrudis, xa que á morte desta entrarían en posesión dos morgados de Engraba e Ovalle, intre en que cesarían na posesión daquel morgado, quedando limitada a asignación a 6.000 reais.

Ó ano seguinte, permutan a asignación dos 2/3 do morgado de Zárate polos produtos dos de Engraba e Ovalle, pero atópanse coa desagradable sorpresa, ó tomar posesión deles, de que as rendas tiñan un empeño de 25.000 reais e a casa principal con desperfectos causados polas tropas francesas, valorados en 1.000 ducados.

---

76. Inventario de D. Lorenzo, f. 452. Constan "Cuentas de la obra de Troncoso, de las que hizo en la casa en que murió el Sr. Conde de Troncoso /D. Lorenzo/ en la Fuente de los Cueros de esta dicha ciudad y de las reparaciones de otra en Salamanca, perteneciente al mayorazgo de D<sup>a</sup> María Gertrudis Engraba".

77. Inventario, p. 447 vº.

78. AHPOR. Protocolo de José Ballesteros. 1824, f. 113.

A situación económica de D. Lorenzo segue sendo moi precaria, como el mesmo nos expón o 21 de novembro de 1823 co gallo dun convenio que outorga cos seus acreedores<sup>79</sup>:

O marquesado sofrira desperfectos no tempo dos seus antecesores con motivo das execucións, administracións e concurso de acreedores en que estivo envolto durante dilatados anos. D. Lorenzo entrara en posesión del en 1802 e foran tantos e tan fatales os sucesos posteriores de guerras, revolucións no reino e preitos ruidosos que sostivera que non só non lle fora posible reparalo en todo como desexaba, senon que se atrasara e deixara de satisfacer as crecidas pensións que tiña, polo cal despacháranse execucións diferentes, procedéndose ó secuestro facía algunhos anos, consecuencia do cal foi a ruina das casas e adegas de algunhos partidos, a redución case que a inulto da Granxa do Mato, o talado dos seus montes e oscurecemento en grande parte das rendas en mans de depositarios por falta de administración, o vencemento sucesivo das pensións anuais, sen poder remedialo, de xeito que no día os créditos ascendían ó que reclamaba D. Rafael Nogueira, como testamentario de *D<sup>a</sup> María Rosa de Lago Cadreche* e *D<sup>a</sup> María Luisa Pimentel*, viuva do anterior Marqués de Bosqueflorido, débedas que ascendían a máis de 9.000 duros, sen contar outras pensións e cargas de dominio que gravitaban sobre o marquesado.

A execución de D<sup>a</sup>. María Luisa Pimentel polos seus alimentos dirixírase a secuestrar bens e rendas do condado de Troncoso, quizás porque eran máis sanas.

D. Lorenzo avense a deixar a D.<sup>a</sup> María Luisa as producións e atrasos vencidos do Marquesado de Bosqueflorido, exceptuada a casa na que habitaba, a horta e viña anexa, sita na cidade de Ourense, na parte superior da Fonte dos Coiros, e o dereito de presentación dos curatos e escribanías por dez anos para con eles pagar os créditos, misas e atrasos que tiña contra o marquesado, é dicir, administraríaa ditos bens, pero como todo isto non chegaba para cubrir os 9.000 duros de créditos e pensións anuais e outras dalle, asemade, por oito anos, os productos atrasados vencidos dos partidos de Sanín e Castrelo, pertencentes ó Condado de Troncoso, entregándolle, tamén, os documentos, memoriais e outros papeis que poidese precisar.

Aínda no ano 1829 D<sup>a</sup> María Luisa reclama a D. Lorenzo os seus alimentos.

Pero non era só coa súa tía coa que tiña problemas. Tamén a súa filla e seu xenro o demandan por impago de débedas e outros compromisos. Sen embargo, a forza da sangue triunfou, houbo varias conferencias e encontros

---

79. AHPOR. Protocolo de José Ballesteros. 1823, f. 83.

entre ambas partes, consideráronse as xustas reclamacións dos Vayón, a decadencia das rendas dos morgados do Conde, a súa ancianidade, o seu estado de saúde e outras circunstancias e todo rematou en un bó arranxo o 2 de xullo de 1824<sup>80</sup>: os fillos reclamábanlle a cantidade que o anterior Conde, D. Pedro Manuel, lle asignara á súa segunda muller, D<sup>a</sup> Joaquina Múgica, para súa viuvez, que ascendía a 800 ducados anuais. Esta dona que se quedara a vivir cos Vayón cando D. Lorenzo e a súa muller se foran a Galicia co gallo da invasión francesa, morrera en 1823 e nomeara herdeiros os Vayón.

Outra débeda reclamada ascendía a 40.000 reais que lle prestara D. Pedro Marcelino Vayón.

Piden, tamén, a dote da súa nai, D<sup>a</sup> Gertrudis, que non devolvera aínda despois de casar en segundas nupcias coa súa prima D<sup>o</sup> Ramona Lemos Martínez Ichazo.

A avenencia consistiu en que todas as débedas anteriores quedaran reducidas a 220.000 reais, obrigándose o Conde a non esixir nunca ós Vayón os mobles que deixara en Valladolid cando viu vivir a Galicia, atendendo a que estes pagaran o enterro de D<sup>a</sup> Gertrudis.

Para o reintegro dos 220.000 r. cedía o Conde as rendas do morgado de Zárate, consistentes en efectos varios contra a vila de Madrid por valor de 42.000 r. e diversos intereses e censos, dúas hortas de Carabanchel e as rendas do partido de Sandiás e Allariz. Dalle, tamén, os bens raíces de Ciempozuelos aportados ó matrimonio por D<sup>a</sup> Gertrudis.

D. Vicente Vayón obrígase a abonar ós seus irmáns a parte que lles correspondía do préstamo dos 40.000 r. e dá o seu consentemento para que se lles asignen por alimentos na viuvez de D<sup>a</sup> Ramona 500 ducados anuais ata que se devolvan os partidos de Sanín e Castrelo, pertencentes, como xa dixemos, o estado de Troncoso, cedidos a varios acreedores para pago de créditos, cantidade que se aumentaría en 100 ducados en canto foran devoltos e subiría a 800 cando os Vayón entrasen no goce dos estados de Bosqueflorado.

A tarefa de saneamento dos seus bens foi ardua e difícil e parece que non a chegou a acadar. En ela entrou a relativa a escribanía do número ou *notaría* de asento das audiencias secular e eclesiástica de Ourense, chamada de Zúñiga, pertencente o marquesado. Quedara vacante no ano 1816 por morte de D. Nicolás Vázquez de Puga, quen en lugar de renuncialas a favor do seu propietario, fixoo a favor de seu fillo, D. Felipe Vázquez Borrajo.

---

80. AHPOR. Protocolo de José Ballesteros. 1824, f. 113.

D. Lorenzo vese obrigado a entablar preito ante o Consejo de Castilla, chegando, finalmente, a un acordo no que D. Felipe reconece por dono do oficio ó Conde, como Marqués de Bosqueflorido, pero para que nunca se ofuscasse o dereito renunciará a favor deste ó fin de cada ano e lle pagará 70 ducados anuais( en lugar dos 30 que lle pagaba seu pai), excepto os catro primeiros anos que só pagará 50, atendendo a que pagara o valimiento a S. M.

D. Lorenzo, a cambio, ratifica a renuncia feita por D. Nicolás ó seu fillo para que poida exercer de escribano notario de número e non esixiría dereitos algúns, se ben serían da súa conta os do papel sellado e os dos xuices que interveñan nas dilixencias xudiciais<sup>81</sup>.

Outra das súas grandes preocupacións foi a situación da súa segunda esposa. Para poder consignar a 6ª parte das rendas líquidas anuais dos seus morgados no caso da morte de D. Lorenzo este da poder a procurador para acadar unha R. Cédula da Cámara de Castilla nese senso o 2 de xullo de 1824<sup>82</sup>.

Esta muller pesaba moito no ánimo do Conde, contribuindo a elo o seu bó comportamento e o bó entendemento do matrimonio, así como o mal estado de saúde do marido.

O 17 de maio de 1825 este dalle poder para administrar os seus bens<sup>83</sup>, quizás porque os seus achaques non llo permitían. A muller apresúrase a facer uso del e no mesmo ano arrenda as rendas do Conde<sup>84</sup>.

D. Lorenzo fai testamento o 28 de abril do ano seguinte na súa casa da Fonte dos Coiros dispoñendo que o enterren no hábito de San Francisco na capela de San Jerónimo do Convento de Santo Domingo, pertencente o marquesado, e que se lle digan 400 misas e se vistan 12 pobres. Declara ter débedas que non poido satisfacer a causa das súas “muchas, largas, costosas y notorias enfermidades y otros gastos”.

A segunda muller levara ó matrimonio 22.000 reais, que utilizou para urxencias, e roupas e alhaxas ata unhos 32.302 reais<sup>85</sup>.

Mais o Conde non morre por entón e o 4 de decembro, previa autorización real e da súa filla, atendendo “al esmero, cuidado y fatiga con que al mismo señor otorgante asistió y asiste en sus tan molestas como frecuentes

81. AHPOR. Protocolo de José Ballesteros. 1824, f. 141.

82. AHPOR. Protocolo de José Ballesteros. 1824, f. 135

83. AHPOR. Protocolo de José Ribera Ballesteros. 1825, f.79.

84. AHPOR. Protocolo de José Ribera Ballesteros. 1825, f. 140 e 150 e Protocolo de Francisco Antonio de Ansoar. 1825, f. 75 e 114 e 1826, f.148.

85. AHPOR. Protocolo de Francisco Antonio de Ansoar. 1826, f. 49.

enfermedades”, consígnalle a súa muller a 6ª parte de todos seus bens, que ascendía a 16.561 reais líquidos anuais para disfrutar mentras vivise en estado de viuva. Ó seu pago hipoteca todos os vínculos e morgados (a Casa do Souto de Buenavista, na fregresía de S. Miguel de Melias, a Casa de Sanín, a de Troncoso, o couto de Ramiras, os de Couxil e Couxiliño, o de Sanguñedo, os bens de Ourense, Santiago, Granxa do Mato, etc.). Ascendían as rendas, segundo o cómputo dado polo Conde, a 11.015 moios de viño, 2.071´5 ferrados de centeo, 110 ferrados de trigo, 244 ferrados de millo, 60 ferrados de *patacas*(xa cultivadas por aquí) e 42.437 reais.

O pago desta consignación faríase por tercios anticipados polos sucesores do Conde<sup>86</sup>.

En este documento que testifican o Deán de Ourense, D. Pablo Grandona, o coengo D. Jerónimo Rodríguez Arce e o médico titular da cidade, D. Benito Sanjurjo, dásenos a relación das rendas percibidas en cada un dos partidos das Casas do Condado e Marquesado, que nos permite coñecer a importancia do seu patrimonio.

D. Lorenzo non morre ata tres anos despois, o 16 de outubro de 1829. O día anterior atopábase moi grave e ausente a herdeira, polo cal o Corredor, D. José María Fole, ordea a formación dun *inventario* da herdanza. Tanta foi a presa dada, que cando se presenta con ese fin na casa do Conde, este aínda estaba vivo, mais moi grave.

Deixaba moitas *débedas e créditos* sen pagar dende o ano 1813. De entre elas destacan o préstamo dos 40.000 r. que lle entregara o sogro da súa filla, D. Pedro Marcelino Vayón, vº de Rueda, crédito que logo reclaman os herdeiros, D. Antonio Casaviella, como marido de Dª Teodora Vayón, e D. Basilio Vayón, ademáis de D. Vicente Vayón.

Outro de 13.900 r., que, en 1821, lle prestara D. José Timoteo Monasterio, vº de Valladolid, e que pagou en 1824.

En 1816, debía a D. Tomás Blanco, vº de Madrid, 18.175 r.; ó Prior Maior de S. Bieito de Valladolid pagoulle, en 1818, 8.000 r. que lle prestara; tamén lle prestara Fr. Juan Antonio Corbeón, mercedario calzado de Valladolid, 4 onzas de ouro que lle devolveu en 1814.

Mereceu a confianza de D. Francisco Datoli, que o día que entraron os franceses en Valladolid como consecuencia da batalla de Cabezón, depositou en mans de D. Lorenzo 8.000 r., que no intre da súa morte aínda non devolvera na súa totalidade, pero encarga a súa filla que busque ó dito individuo ou ós herdeiros e llos devolva.

---

86. AHPOR. Protocolo de José Ribera Ballesteros. 1826, f. 199.

Fronte a tantas e voluminosas débedas, herdou cantidades moi respectables, como a que lle deixou en 1781 o tío da súa muller, D. Estanislao de Engraba y Ovalle, presbítero veciño de Salamanca, que ascendía a 26.907 r.<sup>87</sup>

#### 4. D<sup>a</sup> MARÍA DE LOS DOLORES MARTÍNEZ FEIJÓO Y ZÚÑIGA E D. VICENTE VAYÓN DE VAYÓN

O panorama económico da Casa a morte de D. Lorenzo debía ser moi negro ou, alo menos, así o viu a súa filla M<sup>a</sup> Dolores, habida do primeiro matrimonio, que acepta a herdanza a beneficio de inventario<sup>88</sup>.

Como primeira medida para aclarala situación preitea contra súa madrasta ante o Consejo de Castilla pola mellora que lle fixera seu pai, preito que remata con unha transacción firmada o 19 de maio de 1831 entre D<sup>a</sup> Ramona de Lemos, Condessa viuva de Troncoso, con D. Manuel de Navas, apoderado de D. Vicente Vayón de Vayón e de súa muller, D<sup>a</sup> María Dolores, novos Condes de Troncoso.

Acordan que o pago da viuedade comezaría en agosto de 1831, rebaiando a 12.000 reais anuais e cobrando polos atrasos non percibidos dende a morte do Conde 14.000 r.<sup>89</sup>

En 1836, a Condessa viuva ten dificultades na cobranza das rendas de diversos partidos, véndose obrigada a apoderar a D. Sebastián Burdeos, v<sup>o</sup> de Celanova, para cobralas<sup>90</sup>.

A filla de D. Lorenzo, a diferenza do seu pai, que viviu a maior parte da súa vida e morreu na súa cidade de nacemento, desvincúlase de Galicia, posiblemente pola profesión do seu marido militar, D. Vicente Vayón de Vayón.

O matrimonio viviu en Madrid durante algún tempo.

En 1838, sendo D. Vicente xa Coronel retirado dos exércitos nacionais e veciño de Madrid, afora unha casa en Barbadás, probablemente do morgado fundado por D. Antonio Alvarez y Argiz, D. Bernardino, D. Jerónimo Alvarez de Argiz, D. Antonio de Deza y Lemos, D. Juan de Deza e súa muller, D<sup>a</sup> Inés Pérez de Lemos, morgado que pasou ós Losada (D. Tomás Francisco de Losada, D. José Francisco de Zúñiga e D. Diego Luis de Losada...)<sup>91</sup>.

87. Inventario, f. 447 v<sup>o</sup>.

88. AHPOR. Protocolo de Vicente Alvarez. 1829.

89. AHPOR. Protocolo de José Ribera Ballesteros. 1831, f. 75.

90. AHPOR. Protocolo de José Ribera Ballesteros. 1836, f. 70.

91. AHPOR. Protocolo de Vicente Alvarez. 1838, f. 37.

Deste matrimonio naceu *D<sup>a</sup> María Rosa Vayón Martínez Feijóo*, que casa con D. Ignacio María Arévalo y Miera, avogado e veciño de Madrid, V Condes de Troncoso.

En 23-VIII-1867 dan poder a D. Venancio Moreno Pablos, avogado e propietario de Ourense, para administrar seus bens<sup>92</sup>.

Deste xeito se consuma a desconexión deste linaxe coa sua terra de orixe, iniciándose unha serie de vendas de rendas e propiedades nos anos 1869<sup>93</sup>, 1872<sup>94</sup> e 1884<sup>95</sup>.

No ano 1918, a casa pazo da rúa de Hernán Cortés, 26, coñecida como Casa de Zúñiga en outro tempo, era propiedade de *D. Quintín María de Arévalo*, v<sup>o</sup> de Madrid, e seu administrador era D. Ignacio María Moreno<sup>96</sup>.

Co tempo a casa pasou ó administrador e hoxe é propiedade de terceiros.

A D. Quintín sucede no título de Troncoso a súa filla *D<sup>a</sup> María del Carmen Arévalo Aristizábal*, casada con Cándido María Pimentel y Gamazo, fillo do Conde de la Nava, morto en 1937.

Leva actualmente o título seu fillo Quintín María Pimentel y Arévalo, V Conde de la Nava e VIII de Troncoso<sup>97</sup>.

Polo exposto, vemos que este linaxe, como tantos outros, sofre no século actual un proceso de democratización que leva a acadar a aldea global de hoxendía.

## 5. OS ARQUIVOS DO CONDADO DE TRONCOSO E DO MARQUESADO DE BOSQUEFLORIDO

Segundo o Inventario dos bens relictos do Conde D. Lorenzo, o arquivo estaba formado por dous fondos principais, correspondentes a ambos títulos. A documentación do arquivo, felizmente, está minuciosamente rexistrada no Inventario susodito, que comprende 455 folios e que na maior parte está dedicada os documentos. A falta do arquivo, en paradiro descoñecido, este Inventario foinos de moita utilidade.

---

92. AHPOR. Protocolo de Antonio Méndez Guerrero. 1867, f. 847.

93. AHPOR. Protocolo de Modesto Morais. 1869, f. 217.

94. AHPOR. Protocolo de Francisco Cuevas. 1872, f. 351.

95. AHPOR. Protocolo de Francisco Cuevas. 1884, f. 1933.

96. AHPOR. Hacienda. Libreta de aparejadores de Ourense. Rúa de Hernán Cortés.

97. Jaime Bugallal y Vega. "Troncoso, Condado de". *Enciclopedia Gallega*, T. XXIX, p. 158.

### 5.1. ARQUIVO DA CASA DE TRONCOSO

Comprendía documentación sobre os bens que posuía nos Partidos de Troncoso, Vide, Feá, Puga, Alongos, Xestosa, Melias, Limia, Untes, Ramiras, S. Pedro de Macendo, San Tomé e Hermida, Sta. Cruz de Arrabaldo, Sanín, Trasariz e S. Esteban de Castrelo.

- Morgado de D<sup>a</sup> María Gertrudis de Engraba
- Patronatos fundados por D. Antonio López Martínez e seu fillo D. Lope.
- Fes de bautismo, casados e difuntos, testamentos e padróns
- Fundacións de morgado.
- Título de Conde, concedido por Carlos III en S. Ildefonso, o 2-IX-1762.
- Contas de mordomos: Troncoso, Melias, etc. e de arrendamentos.
- Memoriais cobradores: Troncoso, Freás, Macendo, Vide, Puga, Feá, Limia.
- Censos
- Título de Alcalde del Crimen da Chancillería de Valladolid a favor de D. Pedro Manuel, de 16-VI-1765, por renuncia de D. Manuel de Rodas.

### 5.2.. CASA DE BOSQUEFLORIDO

Abarcaba o seguinte:

- *Granxa do Mato*
- *Partidos* de Pazos de Arenteiro, S. Martiño de Sagra, Sta. Eulalia de Banga, Sta. María de Xubencos, Cameixa, Bieite, Lebosende, Barón, Coiras, Gomariz, Dozón, *Morgado de Mugares*, Piñor, Toén, Alongos, *Morgado de Barbadás*, Valenzá, Sobrado, Bentraces, Moreiras, S. Ciprián de Viñas, Seixalbo, Soutopenedo e Outeiro Calvo, Parderrubias, Siabal, Figueiroá e Noalla.
- Ourense: *Casas da Fonte dos Coiros*, n<sup>o</sup> 8, con adega, viña e horta cerrada detrás con saída a Conca, que é a casa principal que habitaba o Conde D. Lorenzo, con carga de 10 ducados ó Conde de Maceda por foro e unha misa.
- Partido de Cabreira ( Bispado de Tui): Foro feito polo Comendador Fr. Felipe Vargas y Orozco a D. José Francisco de Zúñiga, Marqués de Bosqueflorido, de bens na fregresía de S. Miguel de Cabreira, bispado de Tui, co couto de Sta. María de Liñares, o porto da Barca a Pardeosono e pesqueiras. 1749.



- Información de nobreza de Juan Moreira y Zúñiga, vº de Pontearreas. 1601.
- Partido de Santiago: casas da Zibechería e Preguntoiro
- Testamentos e fundacións
- Escribanía de número de Ourense, anexa ó morgado fundado por o Lcdo. D. Antonio de Deza y Lemos.
- Capelanías de S. Antonio da Catedral de Ourense, fundadas por. D. Antonio de Deza y Lemos.
- Contas da Granxa do Mato
- Memoriais cobradores
- Arbores e noticias xenealóxicas
- Recibos
- Administración xudicial
- *Morgado de Zárate*
- Hortas de Carabanchel
- Executoria de fidalguía de Juan Ortiz de Zárate, vº do Valle de Cuartango. 1605.
- Créditos, pagos e non pagos, e recibos de pensións
- Recibos de contribucións
- Cartas de administradores, mordomos e procuradores.

## ANEXO I

Bienes entregados el 2-VII-1771 al nuevo administrador, D. Felipe Araújo y Somoza, según el inventario de la Casa de Troncoso, hecho en 1768, a la muerte del primer Conde.

*Bodega nueva:* 23 cubas con 569 moyos de vino (330 de vino blanco), 2 escaleras medianas para las cubas, 2 barcales de cobre viejos, 4 embajadores de los mismos, buenos, 17 ollas de cobre medianas (4 con tapa), 3 canellas de bronce medianas y 3 de madera.

*Bodega vieja:* 9 cubas vacías, 2 cubetos medianos, 3 cubetos (2 viejos y 1 mediano), 1 tinaja vieja, 58 tablas de piso, 30 de fayar, 84 cubas buenas, 4 cambas y 2 meones de roble para carro.

*Piezas de casa:* 13 bancos de respaldo (11 buenos, 1 mediano y otro viejo, 2 chicos sin respaldo), 13 arcas de madera del país de 115 fanegas en total, 3 arcas de pino de 6 fanegas en total, 2 artesas de madera, 3 cajones de pino, en que al parecer se condujeron santos, 4 libras de pez, 1 caarranca para un perro, 12 varillas de hierro sueltas, 1 estruco y 1 martillo de hierro para la puerta principal, unas tenazas de hierro viejas para sacar brasa, un escaparate de madera, un molino para moler té, de hierro, viejo y sin servicio alguno, 4 estantes o cajones para libros con sus cerraduras y sin llaves, 16 sillas de moscovia, una silla de palo mediano, 27 taburetes de moscovia, 6 taburetes de paja, 13 bufetes, todos sin cajones. Sobre uno, una carpeta tapiz de lana, una escribanía con su tintero, platillo, salvadera, obleera y campanilla, todo ello de plata Bolonia o metal bueno, 3 espejos con los marcos dorados, 2 tinteros, uno de alabastro roto con salvadera de lo mismo con caja de madera, otro de metal con su salvadera de lo mismo, 5 mapas de papel, una Descripción General del mundo y 4 descripciones de las 4 partes del orbe, 5 sitioales con 6 pies cada uno, 14 tarimas, un lecho de madera mediano, 2 medias camas torneadas, un catre de camino, sus colgaduras, cielo y cenefa de bayeta encarnada, vieja y picadas de la polilla, varillas de hierro y sortijas de bronce, 2 colgaduras de cama con sus cielos, cenefas y rodapiés, la una de damasco de seda, borde dorado y sobrecama de lo mismo, otra de gasa de oro medianaa y ambas con varillas de hierro y sortijas de metal. Otras colgaduras de bayeta verde con su cielo d lo mismo, un suelo para cama de bayeeta encarnada, viejo; 25 cortinas de bayeta encarnadas y verdes, 7 varas de bayeta negra, 17 cortinas con sus sortijas de metal y varillas de hierro, 13 de tela usada, 2 de lienzo, otra vieja de estopa, 6 almohadones de terciopelo encarnado usados y llenos de cortaduras de papel, 2 mantas capuchinas, 14 jergones de

estopa, 17 colchones (3 de lienzo, 1 de estopilla, 11 de terlis, 20 cobertores de lana, 3 manatas de lienzo de otra, 17 almohada, algunas de ellas con encajes de agujas; 17 fundas, 8 colchas (1 de serafina con fleco, otra de chita con laa de entreforro, otra de serafina, otra de pedazos de seda forrada en holandilla, otra de pedazos de paño de colores, forrada en lienzo, y 2 manchegas), 39 sábanas de tela, lienzo, estopa; 10 escritorios, 4 de ébano con sus gabetas, cerraduras y llaves, las dos con sus mesas y estribos de hierro y los otros dos con mesas torneados los pies viejos, 2 de madera grabados de hueso con sus mesas, gavetas, cerraduras y llaves, otro de lo mismo con su mesa, otros dos de ébano con sus gavetas, cerraduras y llaves, uno con mesa y otro sin ella, otro dorado con su mesa y estribos de hierro, gavetas, cerraduras y llaves; 2 tablas de mesas de estos escritorios con sus pies destruidos; 10 mesas de manteles de lienzo, estopilla y alemanisco; 26 servilletas, 14 de gusanillo; 2 cortinas de bayeta, 2 braseros de hierro con cajas de madera, una paleta de bronce, 2 barreñones de barro vidriado, 3 vasos o bañados, uno de cobre con su caja de madera y otro de barro con su caja de madera y otro de barro vidriado con su caja de madera que sirve de silla y otro de barro pequeño; 2 chocolateras de cobre, 3 peroes, dos de cobre y uno de azófar, 4 potes de metal, 3 calderos de cobre, 1 jarra de cobre, 1 olla de cobre de camino con su tapa, una garrafa de cobre, 2 cubiletes de cobre, 1 cuchara de cobre, 2 trepeas, 5 tarteras de cobre, 3 sartenes de hierro, 2 revolvederas de hierro, una espumadera, 2 asadores de hierro, 1 calentador viejo, 1 velón de metal, 1 candil de hierro, 1 aalmirez de bronce con su mano, 1 cadena de hierro sobre el hogar, 2 machetes de hierro de picar carne, un badil de hierro, un serrón de serrar paja, 19 azadas de cavar, 5 ladreas o peetas, 4 cuchillos, un hacha de hierro, 3 marras de hierro, 24 cuñas, 49 palmetas, un martillo de gallas, un formón, un martillo de monte, un picaraño, un barreno, una broca y aguja de romper piedra, una enfriadera de hoja de lata, 8 cubiertos de plata, compuestos de cuchara, tenedor y cuchillo, un sarillo de madera, 4 cerraduras sueltas, 1 pesa de hierro, 6 mangos de madera para llevar fachas de cera, 2 frasqueras, una con 4 frascos y 4 botellas de vidrio y otra con 2 frascos de plomo y una enfriadera de hoja de lata, 6 bisagras con 8 porllones de hierro, 2 aldabas, un picapoarte, un ferrado de madera y una medida de cuarto y medio cuarto, 2 corcheras cubiertas de cuero, cada una con dos frascos de plomo buenos, 3 cántaros vidriados para aceite, 4 ollas de barro y 3 jarros de lo mismo, 10 ruedas, 1 baúl, 2 redes de alambre para ventanas, 3 escopetas, una buena grabada, la mira y el punto de plata con su funda de cordobán, otra vieja y sin llave, una espada vieja sin vaina, 8 candeleros, 2 de bronce medianos y 2 de plomo, 2 palmatorias de azófar una de cobre, 5 despabiladeras de hierro, una ayuda con su caja, 1 tocinería de madera con 5 escarpis de hierro, 2 cernideras, una de blanquear y otra de sedas, 28 concas y una fuente de palo, 11 cuchillos de plata Bolonia en un estuche sin tapa, 7 búcaros de barro, 2 tazas medianas, una jícara y 6 platillos de china, 2 tazas, 4 platos y 4 platillos de Talavera fina, 3 jícaras de lo mismo con sus tapas y 7 jícaras de Talavera común, 2 salseras de plomo, 29 platos y 3 medias fuentes de estaño, 28 y 3 fuentes de lo mismo, 1 palangana de lo mismo, cestillos, 8 libras de lana común en un cesto, 8 vidrios para ventanas, 4 vasos de lo mismo, 1 reloxo de campanilla con su caaja, cerradura, llave, 2 romanas con sus pilones, una lámpara de metal con su vidrio, unas alforjas viejas, una arca buena con sus dos cerraduras y llaves y sus cantoneras de hierro, una artesa vieja sin tapa, un lecho de madera, un tablero para tender pan, una mesa de sentarse, una escala grande y otra pequeña, 10 vigas cargadas, 1 carro viejo, 2

picos y una palanqueta de hierro para el molino, una mula vieja y conja con sus arreos, un par de buñenes, 6 lechones, 9 tomos de la Madre Agredaa, otro de Luz de verdades, un Quasi, sin principio ni fin, carcomido, de juris, otro de política de Dios, otro de Ordenanzas del año 57, otro de Barbosa, de juris, otro derecho civil, otro de usiones del Papa, otro práctica de procuradores, Ordenanzas de Castilla, otro ripia real, es rentas, Ordenanzas de Castilla de 560, otro práctica civil y criminal, otro instrucción de escribanos, Leyes de Montalvo, Repetición de Sagara, Estilo de Cartas, todos maltratados, Práctica de Chancillería, Oficio de los santo de la Merced, Derecho patronazgo, Azpilcueta, De beneficiis, varios tratados, ritual de la Orden de la Merced, Basevio, Jusiones de Cervantes, Paris, compendio de historia, De imitación de Cristo, Agriacultura, Testamentoa del cardenal político, Pasatiempo de Neira, Salcedo, Sermones de Vieira, Ejercicios doctos, Libro de caja de todas las rentas y pertenencias del Conde en Galicia, y otros varios de anotaciones y epactas.

Un estante o cajón grande para ornatos y papeles con sus cerraduras y llaves y en él se halló lo siguiente:

Un legajo con 2 epactas de instrumentos públicos y verbales, despachos y diligencias pertenecientes a las rentas del coto de Troncoso; otro legajo de instrumentos pertenecientes a los demás lugares de la feligresía de Astariz, otro legajo de instrumentos pertenecientes a la renta del coto de Prado, Macendo y Cartelle; otro de escrituras del coto de Vide; otro de la renta de Sta María de Castrelo; otro de la renta de S. Esteban de Castrelo; otro de la renta del coto de Puga; otro de la renta del coto de Feá; otro de la feligresía de S. Martín de Alongos, Sta. María de Toén y Xestosa, otro de las fes de Untes y Palmés; otro del partido de Sanín; otro del coto de Ramiras; otro del coto de Couxil; otro de S. Juan de Vivero y Castromao; otro del coto de Sanguñedo de Betán; otro del apeo de este coto; otro de la ejecutoria ganada por D<sup>a</sup> María Jacinta Gayoso contra D. José Benito Varela sobre la pesquera y rentas de Melias; otro de las rentas de Piñeira de Arcos de la Limia; otro del lugar de Berredo; otro del lugar de Sabucedo de Limia; otro de Ginzo de Limia; otro de Torneiros, Parada de Outeiro y Guillamil de la Limia; otro de Sandiás, Couso y Rairiz y otras partes de la Limia; otro de censos de la casa de Troncoso y Melias; legajo del testamento del Conde; otro de la fundación y ratificación de los mayorazgos de la casa de Troncoso; otro de las pertenencias de la renta de Sta. Marina de Loureiro.

*Alhajas de capilla:* 4 cálices con sus patenas de plata sobredorada, 2 cucharillas de plata, 4 pares de vinajeras con sus platillos, un par de plata con su platillo de plata y 3 con platillos de estaño fino, 5 misales, 4 atriles, 11 casullas, una de tapicería de seda campo verde galón de oro y el lienzo del medio encarnado con su estñila y manípulo, 4 de persiana, dos de campo encarnado, forros de tafetán blanco y galón de seda pajiza con sus manípulos y estolas correspondientes, otros dos de campo blanco con su fleco de seda blanca y encarnada forro de tafetán encarnado, otra de terciopelo negro con su forro de tafetán negro y entretela de terlis, galones de seda blanca con su manípulo y estola, 2 casullas de tisú, una de plata y otra de oro, forro de taftána encarnado y galón de oro, la de plata campoo morado, forro de tafetán verde consus manípulos y estolas, otra de damasco de seda blanca, forro de lienzo pintado de galón de oro consu estola y manípulo, otra de terciopelo morado con su franja d oro, forro de tafetán blanco, stola y manípulo y bolsa para los corporales con su paño para el cáliz,

4 cíngulos, 1 listón de seda con su fleco, 7 bolsas de corporales, 4 de damasco, 1 de tela de tapicería en oro y otra de tisú de oro con galón de seda, otra de damasco blanco, 6 mesas de corporales de tela con encajes, 7 paños de cálices de seda, incluso uno de tapicería de plata y otro de damasco con el forro de tafetán encarnado, 7 albas, 9 amitos con encajes, 3 mesas de manteles de alamanisco y otra de gusanillo con encajes, 14 purificadores, 1 cortina de gasa para cama, blanca con listas encarnadas y verdes, una mantillica de damasco, campo encarnado, flores blancas con forro de tafetán azaul y galón de oro. Una casaquita de Cambrai, flores de seda verde, un mandil chiquito de Cambrai con sus flores verdes de seda y encarnadas de Ntra. Señora de la Paz y su Niño, un paño de manos para la capilla, 10 candeleros de las capillas de metal, unos hieros para hacer hostias, un Agnus Dei guarneido con seda, un relicario bordado con la efigie de S. Sebastián en cera, 2 cruces de Sto. Toribio, una cruz de madera chica, un crucifijo de bronce en una cruz de palo con cabos de bronce y su dosel de damasco verde bordado, una estampa de Ntra. Sra de Belén pintada en lienzo con su marco sobredorado, otra de lo mismo sin marco, otra de Ntra. Señora de la Concepción con su marco, 4 estampas de papel con diferentes pinturas, 3 estampas viejas, 1 estampa de Ntra. Sra de Belén con su cuadro dorado, 2 pinturas concuadros comunes viejos, 6 cuadros pequeños con diferentes pinturas y vidrios, una estampa en papel con la efigie de Ntra. Señora del Carmen, una imagen de cuerpo pequeña de Ntra. Sra. de la Concepción;

Un estante para libros, 5 cestos coleiros de carrear uva, 6 medios culeiros para abono, 3 bagaceras, 2 cestas redondas, 12 cestas de brazo, 12 pellejos viejos, 6 costales de estopa, 2 yuntas de bueyes, una en Ramiras y otra en Xestosa, 1 carro de hierba curada, 51 colmenas.

Del inventario que se hizo a la muerte del Conde, en 1768, según la entrega que se hace al nuevo administrador, en 1771, faltaban 569 moyos de vino, de los que se dió cuenta a la condesa viuda, al conde actual y a D<sup>a</sup> María de la O, algún centeno, trigo, castañas secas, sal, tocinos, unto, 26 pernils, 3 cajas de dulces, un queso de Flandes, arroba y media de pescado, 7 barriles de pescado, harina, bizcochos, azucarillos, que se gastaron en casa desde el 7 de marzo de 1768 en que murió el Conde en las funciones de su entierro, novenario y honras, en la asistencia a D<sup>a</sup> María de la O, D<sup>a</sup> María del Carmen y D. Ramón con los familiares de estos y los que quedaron del Conde, huéspedes hasta el 23 de abril que marchó la familia para Madrid. También usaron lechones, tabaco, pólvora, acero y hierro que se gastaron en romper piedra y concluir la muralla nueva de la Granja. También faltan dos batas de verano, dos de invierno, una batilla de bayeta blanca, una capa de grana, otra de paño negro, otra de principela, tres vestidos con chupa y casaca, uno de Mier, otro de medio carro y otro de terciopelo, dos calzones, una almilla de terciopelo carmesí, 12 camisas, 12 calzoncillos, 12 camisolas, 11 almillas, 1 toalla, 5 pares de calcetas, 2 paños de tela para faltriquera, 5 de seda, 3 pares de medias de seda negras buenas, 4 pares de medias de estambr, 2 pares de medias abatanadas, un par de ligas manchegas, 8 gorros de hilo, un cutó con el puño de hueso pintado, una ropa.

Se repartió todo entre D. Domingo Varela, D. Manuel Toledo, pajes del Conde, D. Pedro Suárez, cirujano ayuda de cámara, y D. José de Puga, cirujano de S. Ciprián de Viñas. Al capellán le tocó el vestido de terciopelo usado. D<sup>a</sup> María de la O se llevó

la litera co todos los areos de las mulas. También se llevó otras cosas a Noya y a S. Damián, como objetos de plata relicarios, guantes, imágenes, bastón; Otras cosas fueron remitidas a Madrid a la Condesa viuda y al Conde, como las 4 mulas del coche que habían venido de Madrid, una silla, una albarda con todos sus arreos, papeles de contratos matrimoniales, el libro de caja nuevo que el Conde había traído de Madrid, las escrituras del vínculo, un bolsillo de seda con 5.044 r., una libreta de la Regla de S. Benito, libros del oficio parvo, medallas, un estuche con sus anteojos, etc.


(AHPOR. Protocolo de Joaquín Pérez Arias. 1771, f. 103 . Caja 3504)

## SIGLAS

- ADO Archivo Diocesano de Orense.
- AHPO Archivo Histórico Provincial de Ourense.
- APA Archivo Parroquial de Astariz.
- ARG Archivo do Reino de Galicia.
- CE.I Catastro de Ensenada. Interrogatoria.


## APÉNDICE I

### CONDES DE TRONCOSO



## APÉNDICE II


GRANXA DO MATO (Cameixa) Sta. María de: Ayto. de Boborás






### APÉNDICE III


#### ZÁRATE





APÉNDICE V  
ÁLVAREZ DE ARGIZ





Hoja de Grados de D. Juan Francisco Mosquera Sorribas, dedicada a D. Pedro Marínez Feijoo (Santiago de Compostela. Buenaventura Aguayo, 1752).



Veinte maravedis.

SELLO CUARTO, VEINTE  
MARAVEDIS, AÑO DE MIL  
SETECIENTOS Y SESENTA  
Y NUEVE.

mayor siendo a todo ello presentes por testigos D. Gabriel Mosquera P.º vecino del Coro de Papa, D. Antonio de Robles y D. Juan Ochoa familiares de la Señora Doña Juana, todos residentes en esta dha Ciudad, de todo ello yo es.º lei fecho y tambien la dei da que conozco a los susodichos, como igualmente de arien instruido al enunziado D. Augustin de lo presentado por su exarrestad entrece de febrero de 1769 para que dentro de veis dias siguientes cumpla con el tenor de lo Continuo vera nuda esta execuzion fecho de cupra =

D.ª Maria de la O Martínez Ychazo Augustin Peoz

*[Handwritten signature]*

Don Domingo de Benito  
de Araujo y Celso

Firma de María de la O Martínez Ychazo.


presentada en el Real Consejo de Indias por el Sr. Don Juan de  
 Lencina de la qual se acordó todas las peticiones y se dio en su favor  
 una cédula general que las prohibe en forma en el fin de lo qual  
 se hizo cargo y se dio presente a los señores D. Pedro Antonio  
 de Sotomayor y D. Manuel de Sotomayor familiares de la R. C. con  
 D. Pedro Rodriguez de Alarcón y D. Juan de Sotomayor en el  
 lugar de Troncoso: de todo ello yo escribo y también la del Sr.  
 conde de Troncoso: de todo ello yo escribo y también la del Sr.  
 conde de Troncoso: de todo ello yo escribo y también la del Sr.

el conde de Troncoso


*[Handwritten signature]*

*[Circular stamp with text: Domingo de Sotomayor y Sotomayor]*

Firma del III Conde de Troncoso.



Escudo, co timbre do marqués, na casa.



Outro escudo familiar da fachada da casa.